Montse Fajardo

O ESCALÓN de ULISES

A Pontevedra dos afectos
de María Victoria Moreno,
a mestra que escribía libros



“Non midades tanto a métrica e medide os sentimentos do poeta”, din que dicía María Victoria Moreno nas súas clases de Literatura Española. E é seguindo esa premisa que encaramos esta andaina na procura da súa historia, contada por quen máis a quixo e centrada nos seus anos na *Boa Vila*, en Pontevedra.

Nos últimos meses mergullámonos coa súa xente no seu recordo como ela aconsellaba mergullarse na lectura: gozando o libro sen présas e intentando ir máis alá do sentido literal das verbas para procurar captar o cerne. Só agardamos que sexa recoñecíbel para quen a quixo e que axude ao resto a descubrir como era realmente esta mestra, de aula e de vida, que segundo as súas propias palabras, só escribía libros cando realmente tiña algo que contar.

Unha mestra que convertía un parque en Ítaca e un banzo na *cavea* onde as criaturas do barrio devecían por escoitar a historia do heroe Ulises.

Montse Fajardo

O ESCAIÓN de ULISES

A Pontevedra dos afectos
de María Victoria Moreno,
a mestra que escribía libros



Edita: **Concello de Pontevedra**

Autora: **Montse Fajardo**

Deseño de cuberta e maquetación: **Rosa de Cabanas**

Ilustracións interiores: **Manuel Uhía**

Fotografías:

© **Diario de Pontevedra**

© **Familia de María Victoria Moreno**

ISBN: **978-84-09-01805-5**

Depósito legal: **PO-233-2018**

Imprenta: **Parsan Gráfica**

A María Victoria Moreno e a todas as
persoas que manteñen viva a criatura que
foron para seguir sentindo a maxia.

A Victoria Feijóo Llácer, herdeira
dos afectos e do falar da avoa

LIMIAR

Imos facéndonos maiores e as emocións e os sentimentos agroman con maior intensidade desde o máis profundo da nosa alma. Un perfume xa esquecido, unha melodía que lembramos con morriña e, por que non, un libro, porque no caso deste libro se reflicte a parte máis humana de María Victoria a través das lembranzas dos seus grandes amores e as súas grandes amizades.

Unha María Victoria que se nos amosa abertamente nos seus textos, mais que neste, en especial, nos deixa ver con maior claridade o seu lado humano, esa grande esposa, nai e amiga que era. É de subliñar a entrega desinteresada de familiares e amizades, sobre todo emociona ver que todo o que sementou durante a súa vida xermolou, proba diso é a cantidade de lembranzas fermosas que atesouran quen a coñeceron e que agora se recollen neste marabilloso libro.

María Victoria foi pola vida deixando pegada en todas as persoas.

Mentres escribo este limiar, non podo afastar da mente que todo o fermoso do seu carácter e o modo de levar a vida, pódese atopar lendo os seus libros ou artigos.

Lembro o que tiña moi claro Antón Andrade, personaxe principal de *Leonardo e os fontaneiros*, cando dicía Rosa: "O corazón, como as cousas que se saben, coma os cartos que se gañan, soamente serve para algo se se comparte cos demais".

Ou unha frase que me emocionou moito de *Onde o aire non era brisa*, a súa primeira novela escrita en castelán sendo ela moi nova, que dicía: "Sempre me gustou máis dar que recibir e pasei a vida ofrecendo, dando, entregando..."

Ese sempre foi o seu dogma.

María Victoria definiuse a si mesma como snob e insurrecta, pero penso que foi moito máis, penso que foi unha adiantada ao seu tempo, avaliando e testemuñando temas que naqueles anos da súa mocidade eran verdadeiros tabús para a sociedade. Pronunciouse sobre a discriminación social, falou sobre o terríbel tema das drogas, e aínda que viviu nun mundo certamente machista, sacou vontade feminista para amosar que homes e mulleres debemos ser iguais, e por tanto asumir os mesmos deberes e ter os mesmos dereitos.

Así, vímola na rúa manifestándose en mobilizacións como a de "Non á guerra" ou "Nunca máis". Esa era a María Victoria comprometida, loitadora, enérxica, galega. Porque xa nunha entrevista declarou: "A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor".

Agardemos que a súa lembranza e o legado da súa obra literaria perduren no tempo para o goce das vindeiras xeracións da Galiza, porque María Victoria Moreno fica aquí.

Pedro Ferriol

"Fai o que queiras, amigo, pero le o libro, que para iso o escribo. E que che preste"

María Victoria Moreno
Leonardo e os fontaneiros

"Nada nesta vida sae de acordo co que agardamos e, cando o futuro chega a ser presente, é un tempo nunca imaxinado e sempre cheo de sorpresas. Por iso non é ben aflixirse hoxe proxectando medos cara ao mañá nin ilusionarse de máis con acontecementos que aínda están no aire"

María Victoria Moreno
Guedellas de seda e liño

CAPÍTULO I
EAU DE ROCHAS

"Non midades tanto a métrica e medide os sentimentos do poeta", din que dicía María Victoria Moreno nas súas clases de Literatura Española. E é seguindo esa premisa que encaramos esta andaina na procura da súa historia, contada por quen máis a quixo e centrada nos seus anos na *Boa Vila*, en Pontevedra. Faltarán datas e datos biográficos e mesmo terá menos protagonismo do debido a súa faceta literaria, tan ben estudada noutras obras publicadas neste o seu ano das Letras Galegas, mais intentaremos atrapar a súa esencia.

Nos últimos meses mergullámonos coa súa xente no seu recordo como ela aconsellaba mergullarse na lectura: gozando o libro sen présas e intentando ir máis alá do sentido literal das verbas para procurar captar o cerne. Só agardamos que sexa recoñecíbel para quen a quixo e que axude ao resto a descubrir como era realmente esta mestra, de aula e de vida, que segundo as súas propias palabras, só escribía libros cando realmente tiña algo que contar.

Agardamos saber transmitir a poliédrica personalidade dunha muller xenerosa, intuitiva, cariñosa, teimuda, culta, intelixente e coqueta, que lía cunha voz dóce que nunca usaba para cantar. Que ulía a *Eau de Rochas*. Que prefería o tabaco de lear porque aforraba en chumbo e nicotina e porque tamén ela fuxía de filtros. Que lle respondía á vida con sentido do humor e sacando o xenio cando facía falla. Que odiaba a mesquindade e adoraba os animais. Que tiña ducias de exemplares do *Quijote* e relía unha e outra vez *O Principiño*. Unha muller totalmente comprometida co galego malia ter nacido na localidade cacereña de Valencia de Alcántara, porque a xente galega, como se di da basca, nace onde lle vén en gana. Que tiña unha clara ideoloxía de esquerdas a pesar de ser neta dun militar falanxista asasinado polos republicanos naquela guerra que rematou o ano do seu nacemento. Que dicía que había que ser primorosa en cada faceta da vida e cardaba o pelo cada mañá aínda que indefectibelmente rematara o día despeiteada para desespero de Sara Márquez, a súa nai, herdeira do carácter militar e que tampouco nisto se semellaba a filla, pois sempre ficaba impecábel.

Pero xa estamos correndo de máis. A María Victoria Moreno paga a pena descubrila de vagar.

"Eu son profesora nun colexio moi grande dunha gran cidade (...) Sempre traballei neste colexio tan fermoso que vos digo a non ser unha vez que me chamaron para poñer escola nun barco (...) O Arroás foi certamente unha escola diferente porque os rapaces aprenderon moitas cousas nos días que botaron nela. Mais aprendéronas falando co capitán, xogando cos mariñeiros (...)

A táboa do sete pareceunos a todos moi cativa cando, lonxe de Portosouril, nos decatamos de que non servía para ter conta das gaivotas. A Xeografía, no medio e medio do mar, pareceunos un libriño morto. A Gramática non dicía nada verbo da lingua das estrelas... "

María Victoria Moreno
Mar adiante

CAPÍTULO II
MAR ADIANTE

"Imaxina: Pleno franquismo. Uns *profes* que eran auténticos dinosauros, cun formalismo e unha distancia tremenda e, de súpeto, chega María Victoria, que era todo o contrario, co seu cigarro, falando a modiño, sen alterarse, falando da poesía das novas xeracións e, sobre todo, falándonos como adultos nun tempo en que todo o mundo nos trataba como se fosemos nenas...A nós! Que tiñamos trece anos e nos sentiamos xa moi maiores! Foi un cambio total. María Victoria foi un sopro de aire fresco".

Era 1969 e **Nenuca Gallego** lembra o impacto daquel primeiro contacto con María Victoria Moreno cando cursaba cuarto de Bacharelato no Instituto Feminino de Pontevedra, actualmente

ARROÁS

o *Valle Inclán*. No rebumbio que se armaba entre clase e clase, confundírona cunha alumna ata que sentou na mesa do profesorado e comezou a ler un poema. Tranquilamente. Nunca acostumaba mandar calar ou rifar para reclamar unha atención que sabía ía conseguir de seu. Daquela non foi distinto. Apenas necesitou dúas clases de tenteo para que a aula caese rendida aos seus pés. "Ficamos entregadas".

María Victoria chegara a aquel instituto pontevedrés seis anos atrás, en outubro de 1963, apenas tres meses despois da súa voda co valencián José Luis Llácer, un compañeiro invidente ao que, durante a súa etapa como alumna de Filoloxía Románica na Complutense de Madrid, facía de lectora, nun aceno que encaixaba perfectamente co carácter xeneroso que ía xurdir constante e a eito durante toda a súa vida.

Como José Luís traballaba de docente no colexio *Santiago Apóstol* que a ONCE tiña en Pontevedra, trasladáronse a esta cidade e María Victoria empezou a dar clases de Latín e Francés no Instituto Feminino ao tempo que preparaba as oposicións na súa especialidade: Lingua e Literatura Española. Aprobounas en 1965 e tivo como primeiro destino o entón Instituto Masculino de Lugo, no que agromarían dous afectos que xa permanecerían inalterábeis ata o final dos seus días: ao catedrático Xesús Alonso Montero e á lingua galega.

No outono de 1967 regresa ao Instituto de Pontevedra, xa como profesora de Lingua e Literatura Española, e entre 1973 e 1976 ocupa o cargo de xefa de estudos no Bacharelato Nocturno, onde tamén impartía clases. A práctica totalidade das súas alumnas eran mulleres adultas, mesmo casadas e con crianzas, que precisaban o título para mellorar nos seus empregos, mais tamén había unha rapaza nova que acabaría ficando para sempre no mapa dos seus afectos: **Pilar Álvarez.**

Da súa entón mestra e para sempre amiga, Pilar destaca, como tantas outras alumnas, que por riba da preparación académica empeñábase na formación como persoas, na transmisión de

valores que puidesen ser útiles no día a día. "Dicíame que na vida había que ser primorosa a todos os niveis, traballando e no trato coa xente. Que non se podía ir destruíndo o que tes arredor e, sobre todo, que era moi importante que todas as experiencias servisen de aprendizaxe. As súas palabras eran que había que ser unha muller de ben, que non podías enganar, que tiñas que ser xenerosa. E así era ela. Foino comigo e foino con moitas outras compañeiras que sabía que tiñan que aprobar porque ao mellor eran as que levaban o peso da casa, pois algunhas estaban solteiras e tiñan fillos. Para María Victoria nunca foi tan importante o que fixeramos no exame como que fosemos persoas éticas, boas persoas".

No académico, xa afloraran as paixóns, divididas por trimestres: As *Cantigas* de Afonso X, *o Sabio* no primeiro, o *Quijote* no segundo e Lorca e a xeración do 27 no terceiro. "Se querías aprobar con María Victoria tiñas que ter lido *Romancero Gitano,* intentar ver en *La casa de Bernarda Alba* que representaban as mulleres no mundo e, por suposto, empaparte co *Quijote*".

Pero a súa implicación co alumnado ía sempre máis alá da aula e a materia impartida, e axiña se interesou polo motivo que impulsaba a Pilar a acudir ao instituto de noite. Contoulle que polo día tiña que axudar no bazar que a súa familia posuía na zona do Mercado pero que o que ela quería era traballar, ter o seu salario, e de ser posíbel estudar para mestra. E María Victoria, que era incapaz de escoitar as inquedanzas sen intentar acougalas, acabouna contratando na libraría que abrira na cidade con José Luís e outras amizades: Margariña Valderrama, Alfredo Conde, Carmen Mari Echarre, Blanca Varona, Ramón e Javier Yuste e Francisco Gulías.

A libraría *Xuntanza* abriu as súas portas na rúa Andres Muruais en 1973, o mesmo ano en que *Akal* publicou, baixo o título de *Os novísimos da poesía galega*, unha antoloxía feita por María Victoria con textos de nomes como o seu socio Alfredo Conde, o seu amigo Xesús Rábade ou unha novísima Margarita Ledo.

Xuntanza tiña unha clara vocación de achegar á clientela ávida de apertura democrática, libros difíciles de atopar e mesmo

prohibidos. O nome era unha clara declaración de intencións: total compromiso coa lingua que o carácter teimudo de María Victoria xa tiña decidido adoptar, e vocación de ser máis que empresa, punto de encontro arredor da súa gran paixón pola literatura.

"Os libros estaban colocados de canto, en ringleiras sobre andeis, para que a clientela puidese acceder aos que quixese, puidese tocalos, velos, consultalos e logo, se os quería mercar, ben, e se non, non pasaba nada. Mesmo podías levalos para casa e traelos logo. Era unha libraría-biblioteca. Igual viña un cliente a agardar alí por alguén e mentres collía un libro. Tiñamos unha mesiña con dúas cadeiras baixas e podías sentar alí a ler: tiñas a liberdade de consultar todos os títulos que quixeses".

O resultado foi que *Xuntanza* resultou ser unha magnífica biblioteca pública mais un pésimo negocio. María Victoria decidiu contratar a Pilar cando dúas das persoas socias, Margariña e Alfredo, abandonaron o barco e con ela, as quendas establecidas para compaxinar o tempo que lles deixaban libres as aulas co horario da libraría. Por suposto, fíxoselle contrato e cotizou na Seguridade Social, "impensábel outra cousa en María Victoria". Ademais pagábaselle un soldo mensual de 12.000 pesetas, case o dobre do salario base daquela.

Porén, o máis importante foi que coas portas da libraría María Victoria abriulle a Pilar un mundo ata daquela descoñecido:

"Estabamos nun momento cultural moi bonito, e ela e Jose Luís levábanme a conferencias á Coruña, aos Xogos Florais de Guimaraes ou a unha homenaxe que lle fixeran no seu país á oleira portuguesa Rosa Ramallo, á que lle vendiamos pezas na libraría. Tamén fun ao premio *O Facho* na Coruña e a reunións na súa casa ás que viña xente destacada coma un novísimo Xesús Rábade. Abriu para min o mundo da literatura e non só iso. Logo estaba esa parte humana dela de facerme saber que non era unha empregada, que era unha amiga...

Dicíame:

-Pili Pilón! -ela chamábame así- Pili Pilón, ven á casa tomar un café o domingo.

E alí ía eu".

Nin na libraría nin na amizade deixou María Victoria nunca de ser mestra.

"No tempo que pasabamos as dúas en *Xuntanza* aproveitaba para intentar cambiar a miña visión sobre *La casa de Bernarda Alba*:

-Pili, non reparaches nisto, tela que volver ler nos ocos libres aquí na libraría e xa verás como lle atopas sentido.

Porque é moi boa pero a min parecíame moi dramática, tristísima.

Ou dicíame que lese a Neruda, a Miguel Hernández, a Alberti e Vicente Alexandre, e logo falábame de Blecua e outros filólogos. Eu o *Quijote* lino, relino e volvino ler. Aprendín moitísimo con ela".

Pero as lecciónns máis importantes non estaban nos libros.

"Chegaba sempre contenta:

-Ola, Pili Pilón! Que tal?

-Hoxe non vendín nada.

-Non importa! Pero que aprendiches? Aprendiches algo hoxe?

E facíame revivir a xornada para lembrar quen entrara na libraría e que dixera e así sacar de cada día algunha aprendizaxe. Ou marchabamos as dúas ao café de enfronte desde o que tiñamos a porta vixiada. Mais se entraba alguén a mirar libros, ela non me deixaba levantarme:

-Déixao que olle paseniño...".

Igual que no primeiro libro de literatura infantil e xuvenil de María Victoria, *Mar adiante*, o alumnado aprendía falando co capitán do *Arroás* ou xogando cos mariñeiros, ela transmitíalle a Pilar unha lección na libraría, no café ou mesmo na casa, naqueles encontros dos domingos ou en ceas improvisadas calquera día da semana.

"Cando ía cear, dábame clases de redacción. José Luís deitábase e ela dicíame:

-Escribe algo.

Eu escribía mentres ela se puña a ler ou a preparar as clases do día seguinte e logo corrixíame:

-Coidado con esta subordinada.

Ou:

-Moi ben Pili, hoxe moi ben!

Ensinábame a expresarme mellor e a min encantábame".

Pilar seguiu en *Xuntanza* ata que, aproximadamente un ano antes do seu peche definitivo en 1976, tivo que ser substituída para poder iniciar as desexadas clases de Maxisterio.

Mais a amizade entre elas mantívose ata o último día, afianzada no tempo polo inquebrantábel lazo de terse convertido en comadres.

"Agora dormes, rapaciña, cun bico gardado en cada man, sen saberes que as unllas dos homes medran coa carraxe"

María Victoria Moreno
O Cataventos

CAPÍTULO III
A NENA CON TRENZAS QUE FALABA GALEGO

Había naquela clase de Nocturno outra rapaza nova que aínda espertou en María Victoria máis curiosidade cá súa Pili Pilón, porque non podía entender como unha moza tan nova, con cariña de anxo e pel branca, podía ter elixido agochar a súa fermosura baixo a touca de monxa. Arengábaa para que a sacase dentro da aula, e tras a negativa, xurdía unha nova pregunta sobre a vida naquel hospicio pontevedrés que elixira como destino.

Un lugar que acollía crianzas necesitadas de afecto? Iso provocaba no carácter xeneroso de María Victoria unha chamada máis forte ca unha xerra da auga na boca do sedento. Axiña argallou unha visita coas alumnas ás instalacións do *Fogar Provincial*, sen imaxinar que a súa vida ía cambiar por completo.

Atopouna nada máis chegar. Era a nena dos seus soños. Literalmente. Había no carácter de María Victoria unha mestura de intuición e positividade que lle permitía crear un relato case máxico das cousas, mesmo da súa propia vida. E sempre mantivo que entre todas aquelas crianzas orfas recoñecera a súa filla Begoña porque xa a vira nos seus soños. E Begoña, que sempre tivo un carácter moito máis pragmático, aquilo creullo, porque tamén ela soñara coa casa de María Victoria.

Pilar Álvarez foi testemuña do encontro. "Foi unha marabilla. Ela arelaba, soñara toda a vida, cunha nena de trenzas que falase en galego. E efectivamente, Begoña tiña unhas trenciñas e non había unha palabra que non dixese en galego! Eu vivín o primeiro encontro de nai e filla sen ser consciente entón do relevante do momento. Pero aquela era a nena que María Victoria, con aquela teima súa de protexer, axudar e dar amor, desexara sempre. E foi definitivo."

Cando a viu, tan pequeniña e con aquel pelo louro, María Victoria agachouse diante dela, escoitouna falar e quedou prendada sen remedio. "A verdade é que era unha bonequiña. E falando galego, que era impensábel naquel tempo! Os meus pais falaban en galego entre eles pero a min falábanme en castelán. E na escola, xa, por suposto". Pero Begoña acababa de chegar ao hospicio, a súa defunta nai non a escolarizara e mantiña a lingua que falara tanto con ela como coa súa avoa ata que á morte desta a mandaron ao *Fogar Provincial*. Apenas pasaran uns días, tan poucos que seguía sen adaptarse e choraba de morriña. María Victoria colleuna da man e xa a levou con ela durante todo o percorrido que fixeron polas instalacións. Rematada a visita quería levala para a casa, pero como non podía ser, insistiulle a Pilar para que volvesen outro día. Volveron non unha, senón varias veces, e en todas quería María Victoria que Begoña saíse con elas, mais calquera actividade fóra do centro supuña romper as normas, así que nunha daquelas visitas verbalizou a decisión que, probabelmente, xa tomara o primeiro día que a vira: ía adoptala.

Foi aquela a primeira vez que Pilar viu a José Luís negarlle algo a María Victoria.

"A min dicíame:

-Que che parece o que quere María Victoria, Pili? É que non pode ser!

E a ela teimáballe que estaba casada cunha persoa invidente, que xa non eran uns nenos, que nunca se propuxeran tal cousa... Pero logo estivo encantado, caíalle a baba coa súa Begoña".

Máis lle valía, porque estaba claro que María Victoría non ía cear no empeño.

Xa ela ben lembraba sempre que era Tauro, non tanto por ter nacido o primeiro de maio senón porque era testá coma un touro.

Pouco despois, a chegada de Begoña completaba o bo tándem que María Victoria armara con aquel home sensato do que namorara na Facultade.

"E tróuxolles un capitán, chamado Xosé Luís, que era un home moi serio e mais tamén moi sabio. Coñecía todos os nomes das illas, dos cabos, das estrelas, dos barcos, dos paxaros. Sabía tocar a guitarra. Sabía cantar. Sabía poñer o engado aos peixes... Todo"

María Victoria Moreno
Mar adiante

CAPÍTULO IV
O AMOR SENSATO

Casara con el en contra do criterio de Sara Márquez, que estivo ben de tempo sen falarlle pola ousadía da desobediencia. Mais ela namorara daquelas mans que o mesmo se deslizaban con maxia sobre o piano ou o mastro da guitarra, como movían con destreza as pezas do xadrez. Que a intelixencia non precisaba de ollos.

José Luís Llácer era o disco duro de *Xuntanza* na época da pretecnoloxía. Cando chegaba o paquete da distribuidora pregáballe a Pilar que lle fose cantando os títulos coa autoría, e rara vez tiñan que acudir ao ficheiro para comprobar se tiñan o libro que pedía a clientela. "Creo que ese chegou no paquete de tal editorial". E efectivamente, alí estaba, no andel no que el mesmo o colocara, sen que a falta de visión lle provocase, nin unha soa vez, pousalo no sentido incorrecto.

Era un home culto, á altura das inquedanzas intelectuais da María Victoria alumna de Filoloxía. Unha década menor ca el, coñeceuno sendo unha moza demandante do afecto que lle faltara nos anos que pasara lonxe da casa, estudando o Bacharelato nun internado

de Barcelona grazas ás bolsas de estudo que a súa nai tramitara tras ficar viúva. José Luís deu resposta á demanda e durante anos escoitouna interesado, aínda que só fose para poder pórlle a guinda ao seu falar a eito, provocando unha última sentenza: "Ai, Josiño, ti sempre tes que rematar".

"Estaba orgullosísimo dela, do que sabía de literatura, de que escribise, aínda que dicía que escribía pouco, que se dedicaba máis a falar ca a escribir.

-Pili, ti non sabes o moito que sabe María Victoria!, dicíame moitas veces".

A ela encantáballe xuntar ás amizades na casa calquera fin de semana e prepararlles uns *pinchos* mentres José Luís tocaba a guitarra. Nos días laborábeis, el acudía ás clases no *Santiago Apóstol* da ONCE e pola tarde achegábase á libraría, onde María Victoria se reunía con el, rematado o instituto, para compartir un café antes de volver á casa. Ás veces agardaban a que desen as oito para ir con Pilar tomar un viño, e cando había clases no Nocturno, pechaban media hora antes para que a rapaza chegase puntual á aula.

El, de carácter máis recto e disciplinado, era o que lle baixaba os pés á terra á nena que seguiu sempre vivindo en María Victoria. Mais cando ela decidiu levar ao fogar dos dous a Begoña, non habería nada no mundo que puidese impedirllo.

"Eran bolboretas, mamá. Os pedazos de carta voaban sobre a auga, perseguíanse, xuntábanse e pousaban despois na superficie"

María Victoria Moreno
Guedellas de seda e liño

CAPÍTULO V
BOLBORETAS

Formalizada a adopción, Pili acompañou a María Victoria e Jose Luís a buscar a **Begoña Llácer Moreno** ao *Fogar Provincial*: "Aparcamos diante, na parte de arriba, e logo fomos tomar algo. Creo que era primavera, non lembro a data pero si que facía un sol radiante e que María Victoria non cabía en si de gozo. Estaba nunha nube".

A pequena saíu da man da Madre Superiora, rodeada por todas as monxas, levando un precioso vestido branco que lle bordara María Victoria. "A miña nai era moi disposta, moi traballadora. Erguíase moi cedo porque lle gustaba ter a casa impecábel e tamén cosía e bordaba. Gardo fotos sendo nena con vestidos nos que ela me fixera bordados ou debuxara bolboretas".

Tamén había bolboretas nun dos primeiros pixamas que María Victoria lle mercou á filla. "Era unha nai moi cariñosa. Cando era hora de durmir líame coa súa voz preciosa ou inventaba para min contos protagonizados polos bonecos do meu pixama: Ou as *Elepantitas*, que eran dúas elefantas rosas, ou as *Policas*, que eran

bolboretas que saían da miña roupa para vivir aventuras e cando remataba o conto volvían pousarse na tea".

Naqueles tempos, María Victoria xa escribira a súa primeira obra en castelán, *Alcores de Donalvar*, gañara o primeiro premio de contos nos Jogos Florais *Minho Galaicos* de Guimarães con *La casa de las Marías* e publicara a súa primeira novela infantil e xuvenil, *Mar adiante*. Un dos relatos incluídos nesa obra levara en 1972 o segundo premio no concurso *O Facho*, que gañará con *O Cataventos* precisamente en 1975, o mesmo ano da adopción. A súa faceta literaria estaba empezando a ser recoñecida e, sen embargo, abandonouna totalmente durante practicamente unha década para dedicarse en corpo e alma ao coidado da familia, que axiña se viu incrementada cun novo membro, o irmán de Begoña, un par de anos maior cá nena. María Victoria iniciara tamén o proceso para a súa adopción, mais demorouse varios meses. Cando Carlos chegou ao fogar, celebraron a Primeira Comuñón dos dous cunha festa por todo o alto no *Solla* que serviu como presentación en sociedade.

Co tempo, o fogar do matrimonio aínda viviría unha nova incorporación, a de Sara Márquez, que residiu coa súa filla trece anos, entre 1983 e 1996. Mais o trato non foi doado nin con ela nin co rapaz, o que probabelmente influíu no afianzamento da relación entre María Victoria, José Luís e Begoña, que sempre foron "unha piña".

A filla só ten gabanzas cara á educación recibida: "Na casa falábase moitísimo de todos os temas. Lembro cando empezaron as películas de Pilar Miró que a miña nai nos sentaba no sofá con ela e empezaba a falarnos de cousas como a homosexualidade:

-Para que vexades que hai outros tipos de parellas e iso non é nada feo.

E lembro ver *La Clave* e os debates que había cos meus pais".

Eran dúas persoas moi cultas e os seus intercambios de pareceres foron enriquecedores:

"O meu pai viña, sentaba e mandábame:

-Begoña, búscame este palabra na enciclopedia.

E empezaban os piques. A miña nai dicíalle:

-Josiño, a que non sabes...?

E debatían sobre calquera cousa. Que se isto foi neste ano, que se aquilo foi deste outro xeito. E cando veu a avoa interviña tamén, a ver quen sabía máis dos tres. A min aquilo *rechiflábame.* Aprendía moitísimas cousas e eles pasábano pipa. O da infancia foi un tempo precioso. Lembro sentar no brazo da butaca do meu pai e eles *tucutú tucutú*, tiñan tantas anécdotas, tantas cousas que contar que non calaban. E a min encantábame oílos falar. Alí todo se falaba, todo se discutía, todo era por votación. Que había un problema? Pois veña, a solución adoptábase por maioría. Ata votabamos os catro qué facer na fin de semana!".

Aínda que foi un tempo no que María Victoria estivo bastante afastada da vida pública, Begoña lembra acompañala nalgunha ocasión a dar conferencias: "Eu probaba o micrófono e logo dábanme a min o ramo de flores e ficaba feliz, porque pensaba que era un premio pola miña brillante intervención na proba de son".

Para María Victoria tamén era moi importante participar no lecer das crianzas: "Xogaba moito con nós. Celebrabamos os nosos aniversarios na casa e ela argallaba concursos e xogos. Puña unha mesa para as mamás no cuarto do fondo e logo púñanos aos peques no salón e montaba actividades. Ficaba esgotada. Era moi, moi cariñosa. Xa podías estar enfadada que cando chegabas á casa tiñas que darlle un bico e cando marchabas, despedirte con outro".

Ese carácter mequeiro de María Victoria chocaba coa seriedade da avoa Sara. Ás veces, María Victoria preguntáballe:

-Mamá, como estou?

-Pareces unha feiranta.

-Pois era xusto o que quería parecer! Vou perfecta!

E marchaba sen deixar que a falta de tenrura materna afectase a súa autoestima.

"A miña avoa era moi dura, moi católica. Ao contrario que a miña nai non era nada cariñosa e se por calquera cousa se enfadaba, xa non falaba con ninguén. Menos mal que o meu pai sempre atopaba atallos para que eu, que era unha lareta, puidese falar!", explica Begoña.

Sara Márquez era ademais moi esixente nas atencións e a súa chegada puxo fin ás vacacións que pasaban con outros membros da familia Moreno en Estepona, o que desgustou profundamente a unha Begoña en plena adolescencia: "Quitáronme ese ambiente onde eu me sentía incluída, querida. Desde pequenos pasabamos os veráns todos xuntos, e en cambio aquí ficaba soa e para min foi terríbel. Todas as miñas compañeiras marchaban, e nós nin sequera iamos á praia porque á avoa non lle gustaba. Quedabamos na casa e eu empecei esa fase de adolescencia na que sentes que o mundo te odia".

Para empeorar a situación, tres anos despois, en 1986, María Victoria tivo que trasladarse ao Instituto de Vilalonga, en Sanxenxo, para exercer como catedrática, e levou con ela a Begoña. Xa fora alumna súa en Pontevedra, no que entón era Segundo de BUP, e volveu selo durante o COU que cursou alí antes de decantarse pola Formación Profesional. "Acabei de enfadarme co mundo por ter que ir a Vilalonga". E como non hai dous sen tres, tamén apareceu nesa época o conflito sobre as orixes. María Victoria animouna a ir na procura da súa familia biolóxica, mais Begoña acabou rexeitando esa posibilidade e superou a crise de identidade coa presenza balsámica da súa nai: "Nesa etapa difícil da adolescencia, na que eu estaba enfadada co mundo, ela axudoume a reconstruír a historia, tivo a función de facer que eu asimilase o pasado. Ti

pensas que todo o mundo te rexeita, que ninguén te quere e ela tivo que xestionar todo iso. Animoume a ir ver onde nacera, a falar coa familia que aínda vivía, ofreceuse a acompañarme pero non o fixen. Decidín que iso xa non importaba, que ficaba lonxe, que a miña vida era totalmente diferente agora".

Aínda así e a pesar do amor que ambas se profesaban, a ruptura definitiva coa infancia trouxo os habituais choques entre nai e filla. Pola diferenza de carácter, polas notas, ou pola parella elixida por Begoña.

"Todas as cousas desta vida se encamiñan á súa fin e estes tempos de harmonía foron a piques cando (a filla) cambiou o xorne, as amizades e os costumes. Mais non foi por culpa da rapaza, ou polo menos isto é o que ela pensaba... Foi por culpa da nai que a afogaba cos seus laios..."

María Victoria Moreno
Guedellas de seda e liño

CAPÍTULO VI
GUEDELLAS DE SEDA E LIÑO

Hai moito da vida de María Victoria e da xente que quixo na súa escrita. Tanto as amizades como as persoas que estudan a súa obra coinciden en que o seu xeito de tratar o alumnado reflíctese á perfección na figura de Xulia Andrade, a protagonista de *Anagnórise*, probabelmente o seu libro de máis éxito que *Galaxia* publicou na colección Árbore, de literatura infantil e xuvenil, en 1988. Que *Alcores de Donalvar*, (editado en galego xa en 2009, de xeito póstumo, grazas á tradución do seu bo amigo Xavier Senín, baixo o título *Onde o aire non era brisa)*, ten relación coas experiencias da súa nai como mestra no franquismo. E desde logo, que *Mar adiante* reflicte a súa propia visión do ensino. Pero se hai un libro que realmente agocha vivencias familiares, ese é, sen dúbida, *Guedellas de seda e liño*, onde a infancia de Begoña parece asomar a través da protagonista, Rato Chus, e a súa adolescencia na pel da fermosa personaxe de Vanessa Leal Pérez, namorada dun rapaz que consumía drogas.

Publicouno en 1999 coincidindo no tempo coa primeira voda de Begoña. Tiña daquela 22 anos. Coñecera a Jose aos 18, estando

cunha amiga nun bar. Á casa de María Victoria chegaron os chismes, as alertas. En realidade non había perigo, porque a Begoña sempre lle asustara moito que a súa xenética a fixera caer nalgunha adicción e rexeitaba calquera tipo de consumo, pero María Victoria estaba desesperada: "Tivemos discusións a moreas. As dúas eramos de sangue quente e aínda que nos queriamos moitísimo, pelexabamos con facilidade. Non podiamos estar a unha sen a outra porque ela era a miña amiga e eu a súa, pero naquel tempo discutimos a cotío".

María Victoria mesmo pediu mediación externa ao seu querido Xesús Alonso Montero, que lle lembrou que a súa filla non estaba facendo nada distinto do que ela fixera. "Foi falar con Alonso Montero e el rifoulle:

-Se é igual ca ti! No fondo sodes iguais e facedes cousas por amor a terceiras persoas, que a outra pode non entender pero que ten que respectar.

Eu quería casar con alguén que ela non aceptaba, e viuno como una traizón. Pero Alonso Montero lembroulle que ela fixera o mesmo co meu pai, cando a miña avoa non quería que casaran porque el era maior e cego, e que á fin resultara ser un home marabilloso... Tamén eu sabía que Jose era unha persoa moi boa".

Así que, chegado o día en que a súa filla anunciou a voda, María Victoria calou e preparou unha cerimonia preciosa. E logo de dous anos de matrimonio, nos que Begoña viviu en silencio e sen poder facer nada, o camiño do seu home cara ao abismo, foi José Luís, que sempre ficaba calado, o que puxo fin a aquela historia con unha soa chamada:

-Begoña, isto rematou. Colle a maleta e ven para a casa.

"O meu pai nunca opinara sobre a miña relación, pero cando logo daquela chamada volvín á casa, levoume ao café *Galicia Palace* e díxome que aínda que sempre soubera que aquilo sería un

desastre, tiña que deixar que eu fixese o meu camiño ata ver que este se cortaba e necesitaba da súa axuda. Dixo tamén que aquela conversa morría alí e que dese tema non se falaba máis, e así foi. Pero a miña nai era... a miña nai! A que estaba sempre aí intentando que eu fose feliz, a que desesperaba porque lle parecía que eu non era suficientemente ditosa, ou que non estudaba dabondo... non sei, as nais sempre levan a peor parte nas guerras".

Mais ata o peor ten o seu lado bo, e dos anacos daquela relación morta, Begoña herdou unha segunda nai e Maria Victoria unha amizade da que no se separou no resto do camiño. Foron ela e José Luís os que lle anunciaron a **Mari Fernández** que Begoña deixara o seu fillo, e aínda que Mari o lamentou profundamente, non puido amosarse sorprendida. Só pediu que se lle permitise manter a relación con Begoña, á que desde o primeiro día profesou un amor totalmente correspondido que provocou ciúmes en María Victoria pero que non impediu que as consogras afianzasen a súa amizade, aínda máis estreita tras a morte de Jose.

"Eu son de Campolongo e coñecía a María Victoria desde que chegou a Pontevedra e víaa pasear co seu home, pero a confianza collémola tras a voda dos rapaces. Fixemos unha amizade moi grande. Quíxena moito e ela a min tamén, aínda que ás veces discutíamos porque cando rifaba con Begoña, eu sempre me puña de parte da rapaza. Se cadra íamos no coche ao cemiterio e María Victoria dicíame:

-Merqueille isto a Begoña e dime que non lle gusta...

-É que ti non tes que comprarlle nada, porque Begoña xa é maior e tes que deixarlle decidir a ela.

-Sempre te pos da súa parte.

-Porque a quero moito.

- E ela a ti. Non te quererá máis a ti ca a min, non?

-Déixame en paz! Que parvadas dis! Mira que baixo do coche!

-Diso nada, que eu son un cabaleiro e non te deixo baixar.

E seguiamos ata o cemiterio. Tiñamos patexadas de nenas pequenas".

María Victoria, que era moi boa condutora, sempre levaba a súa amiga ao cemiterio na *Teresita*, que era como lle chamaba ela ao seu coche. E tamén acostumaban ir xuntas á misa, aínda que, segundo conta Mari, máis a murmurar que a atender a prédica.

"Ao mellor dicíame:

-Ai, mira aquela que golpes dá no peito! E seguro que despois chega á casa e é máis mala có demo...

Mira ti ao que íamos á misa! A charlar! E no cemiterio igual. Subía ela ao panteón arranxarme as flores porque eu tiña vertixe, e logo sentabamos as dúas no banco a darlle á lingua e a ler. Buscabamos o xeito de xuntarnos as dúas e estar un pouco de laretas. Tivemos unha amizade como de irmás. Aínda hoxe a boto en falta".

"Non é tan doado crer, e crer sempre, e crer cando parece que ese Deus que promete a inmortalidade nos virou as costas"

María Victoria Moreno
Diario da luz e a sombra

CAPÍTULO VII
DÚBIDAS DE FE

Era María Victoria Moreno unha persoa relixiosa? Non é fácil contestar a esta pregunta. Tiña o seu aquel coa Virxe da Peregrina pero desde logo non era unha fervente católica como a súa nai, a pesar de que recibira unha educación non só moi relixiosa senón tamén moi de dereitas, tal e como recoñece o menor dos seus irmáns, **Rafael Moreno Márquez**: "Na nosa casa inculcáronos unha educación profundisimamente católica. Profundisimamente! E politicamente do réxime. Así como o digo. Na miña familia a educación foi moi relixiosa e moi de dereitas, pero eu penso que xa de adulta, María Victoria, aínda que podería ter as súas dúbidas como calquera, non se decantou moito pola Igrexa".

O propio Rafael acabou rachando a ligazón co relixioso a pesar de ter estudado nun seminario, e recoñece a aparición do conflito entre os valores recibidos e os despois elixidos: "Cando rachas con iso estás nun mundo alleo, no que non encaixas, e tardas un tempo en estar a gusto coas túas ideas sen que che piten nos oídos as cousas que che contaban na infancia".

Non sabemos se para María Victoria foi conflitivo romper co fervoroso catolicismo inculcado por Sara Márquez, pero Begoña coincide co seu tío na escasa vinculación que de adulta tivo coa relixión: "A miña nai era cristiá pero non católica. Mari é máis católica pero ela, aínda que tiña valores cristiáns, só ía á misa porque lle caía ben Recuna, o párroco de Campolongo".

A estreita vinculación con José Antonio Recuna, párroco na onda do *Opus Dei*, pode levar a pensar que era moi crente pero segundo explica Mari Fernández, o que realmente lle gustaba a súa amiga "era *chinchalo* e rebaterlle as cousas que dicía nos sermóns". Lembra unha anécdota con el que, ademais, deixa entrever esa faceta de *Peter Pan* que María Victoria mantivo toda a vida: "Sempre iamos as dúas ver o Nacemento que Recuna puña na igrexa, e un ano, María Victoria colleulle unha figura, xa non lembro cal, coa intención de agocharlla para gastarlle unha broma. Pero caeulle. Foi unha trapallada sen mala intención, pero resulta que a ditosa figuriña rompeu e non te podes imaxinar! Seica o Nacemento era importante, que tiña o seu tempo e Recuna montoulle unha liorta cando fomos as dúas contarllo á sancristía:

-Pero ti, María Victoria!!!.

Eu para axudala díxenlle que fora sen querer, que a collera para mirala e rompéralle. Pero ela díxolle que non, que quería gastarlle unha broma e caéralle. Sería atravesada, pero mentir, era incapaz de mentir. Ou de ficar calada cando algo non lle gustaba. Lembro que cando Recuna se puxo a arranxar a igrexa, ela dicíalle:

-Agora non te poñas como a Preysler e decores todo de porcelana. Fai o favor e non te poñas a gastar os cartos da igrexa!

Ela non calaba, dáballe todo igual".

"Decatábase de que á nai lle prestaba moito ver a casa chea de xente nova. Xente que falaba e sorría, xente que comía e daba as grazas, xente que non berraba, nin esixía, nin agredía"

María Victoria Moreno
Guedellas de seda e liño

CAPÍTULO VIII
UNHA CASA CHEA DE XENTE

Tras a separación, Begoña regresou a aquel fogar que sempre estaba cheo de xente. "Eu lembro estar na casa e haber sempre xente, sempre. Alumnas, alumnos... naquela casa sempre había alguén. A miña nai odiaba o verán porque non tiña clase e non os vía".

A María Victoria mestra, dentro e fóra da aula, sempre tiña as portas abertas para recibir o alumnado, xa necesitase consultar un libro na súa espectacular biblioteca ou acudise a pedir axuda ante un problema máis grave. "Lembro ata nenas que viñan á casa porque estaban embarazadas e discutiran cos seus pais. A miña nai chamábaos, viñan eles tamén e sentábanse todos buscar unha solución. Ela sempre intentaba arranxalo todo. Para a miña nai, axudar era unha forma de vida, era o normal, o raro era o contrario. Con iso ela non podía vivir. Como chegase alguén cun problema ela sempre facía máis do que se lle pedía".

Moitas veces, a implicación de María Victoria cos problemas doutra xente, especialmente estudantes, mesmo desbarataba os plans feitos en familia.

“Diciamos de ir á praia e de súpeto, marchaba:

-Pero mamá, onde vas?

-Teño que irme, que Fulanito me necesita!

-E nós?

-Vós non precisades de min, que xa sodes maiores!

E marchaba”.

Foi pola súa incapacidade para desentenderse cando alguén tiña un problema que chegou ao seu fogar e tamén aos seus afectos Otilia. Alguén lle contou da última malleira que lle dera o seu home e inmediatamente ofreceulle traballar na súa casa. Pero como pasara con Pilar Álvarez, a empregada converteuse en amiga, mesmo en parte da familia. Por iso, cando o fillo de Otilia padeceu unha doenza psíquica, loitaron xuntas para crear *Alba*, unha asociación de apoio a persoas afectadas por este tipo de enfermidades, ocupándose María Victoria da redacción dos estatutos e da realización doutros trámites administrativos necesarios para poñela en marcha.

Tamén colaborou coa asociación de parálise cerebral *Amencer*, presidida por **Carlos Godoy**, compañeiro seu do instituto *Torrente Ballester,* no que María Victoria empezou a dar clase en 1990.

"Entre o que dicías dicindo, o que dicías calando e o que calabas de verdade fúchesme contando moitas cousas e agora eu procuro poñelas en orde"

María Victoria Moreno
Anagnórise

CAPÍTULO IX
DE CUXO NOME PRECISO LEMBRARME

É abrir as portas das lembranzas nacidas nas aulas do solpor do século XX e os albores do XXI no Instituto *Torrente Ballester*, e abafar cos recordos que aquela mocidade, agora adulta, garda da súa profesora máis especial. A máis excéntrica, a máis empática, a máis xenerosa e próxima, a que tiña a maior capacidade para entender as coitas do tempo do acne.

María Victoria deu clase alí desde 1990 ata o 2002 e as máis de dúas décadas pasadas sobre a muller que na clase de Nenuca Gallego confundiron cunha alumna, ou que na clase de Nocturno arengaba a unha monxa para quitar a touca, non variaran nin un ápice a esencia da mestra que fuxía dos libros de texto empeñados en lembrar a data de nacemento de Cervantes, e instaba ás mentes adolescentes a poñerse no lugar, ora do fidalgo, ora do escudeiro.

"Para ela era fundamental que leras o *Quijote*. Dicía que era un exemplo de vida, que tiñamos que separar o personaxe de *Don Quijote* do de Sancho e darnos conta de que tamén no mundo esas dúas vidas estaban entrelazadas. E facía un aceno moi seu de entrelazar os dedos. Lembro perfectamente as súas uñas pintadas mesturándose mentres falaba da simbiose entre o mundo real e o ficticio", conta Pilar Álvarez.

Non é raro que o lembre. Conta Begoña que a súa nai tiña a teima de que as mestras debían ter as mans bonitas porque xesticulaban moito, así que todas as noites sometíaas a un ritual de beleza: "Púñaas en camomila, e logo botáballes *Nivea* e introducíaas en calcetíns para meterse na cama".

Funcionou. As súas mans móvense nas lembranzas de moita da súa xente. E a súa teima co *Quijote*. Como exemplo gráfico, unha anécdota protagonizada pola súa alumna **Ana del Valle**, cando xa deixara o Torrente e estudaba na Facultade de Dereito. Unha profesora de Civil un chisco pedante dixo na aula:

-Sodes tan ignorantes que estou segura de que non sabedes nin no século no que se escribiu o *Quijote*!

E a pesar da súa timidez que a facía non intervir case nunca na clase, Ana deixou patente que fora boa alumna de María Victoria e deu unha resposta que seguro a faría sorrir, polo orgullo e polo *zasca*:

-A primeira en 1605 e a segunda, dez anos despois, no 1615.

E iso que as datas eran para a mestra o menos importante do *Quijote*!

Silvia Puga, alumna tamén durante a etapa do *Torrente*, coincide na paixón que sentía pola obra mestra de Cervantes, -"estaba namorada dese texto. Tiña dúas mil e unha versións do *Quijote.* Mercaba todas as edicións que atopaba e sempre acostumaba a ter unha no coche"-, e tamén na que transmitía cando lles falaba de literatura, enlazando coa vida real as historias que aparecían nos libros: "Amaba o seu traballo e queríacho transmitir. Ela ensinaba doutro xeito, nada de memorizar obras ou autores, ela vivía o texto e quería que nós o vivíramos tamén. Nunha clase de literatura con ela podía pasar calquera cousa menos sentarte a copiar apuntes. Podías dramatizar unha escena ou podías intentar entender os personaxes da *Celestina* a través dunha parella que había na clase. Representounos alí a obra cun mozo e unha moza e fíxonos sentir o que pasaba no libro".

Tampouco variou o feito de que a súa implicación co alumnado, co seus *cachorros* como ela adoitaba chamarlles, traspasase os muros da aula e os anos de instituto, e foi absoluta cando, sendo xa estudantes de primeiro de Filoloxía, Silvia e outra ex alumna de María Victoria puxéronse en contacto con ela para elaborar un traballo sobre a súa obra literaria. "Era 1998. Eu estudaba primeiro de Filoloxía Galega e na materia de Literatura Galega Contemporánea pedíronme un traballo sobre unha persoa que escribise en galego. Daquela ou falabas coa autora ou non tiñas remedio e eu contactei con María Victoria. Foi súper amábel, súper agradábel. Outra persoa cóntache un par de cousas e xa te deixa pero ela non. Estiven tardes e tardes con ela. Era unha persoa que che abría o seu mundo, a súa casa e o que fixese falta".

Foi tal a relación, que María Victoria pediulles que falasen na presentación de *Guedellas de seda e liño* que tivo lugar ao ano seguinte. "Pedíunolo unha desas tardes que quedamos para preparar o traballo. Dixo que lle facía ilusión e ti sabías que era algo importante e sentíaste orgullosa. Pero foi o intre máis difícil dos que vivira ata entón. A día de hoxe dígoche que o fixemos fatal porque estabamos acostumadas a facer comentarios, análises, e fixemos o mesmo: un comentario de texto. Logo vas á presentación doutros libros onde se contan anécdotas ou o sentir ao lelo e dis ti: *Mimá*, que mal o fixemos!".

A outra alumna era **Lorena Ferreño** e tamén garda moi bo recordo daquela profesora á que lle acabou presentando un libro sendo estudante de Filoloxía Hispánica. Sobre todo das tardes pasadas na biblioteca daquela casa que Begoña sempre atopaba chea de xente: "Chegabas á súa casa e tiña unha biblioteca preciosa, unha parede chea de libros, que non lle podías dicir que che gustaban porque se non dábachos todos. Era súper xenerosa. Estar con ela era reconfortante. Abríache un mundo de coñecementos pero non te adoutrinaba, non era unha profesora ao uso. Ela escoitábate, observábate e íache dando información que ti ías collendo. Todo moi natural. Esa casa era como un club de lectura. Comentábache libros, prestábachos ou dicíache:

-Vouche ler isto, Lorena.

E entón lía. Lía de marabilla, era impresionante. Como entoaba, as pausas.... María Victoria namorábate coa súa palabra. Era unha *profe* xenial".

Lorena recoñece ser "moi fan" de María Victoria Moreno e da súa capacidade de ver sempre a parte boa das persoas.

"Eu levaba moitas reprimendas porque na clase falaba moitísimo, era un loro, pero ela dicíame:

-Lorena, xa estás outra vez? Sempre estás aí *laralá laralá* pero logo chegan os exames e sacas boa nota.

Porque a min gustábame moito a Literatura, a súa forma de impartir as clases e facíalle os exames como ela quería, aínda que non sempre estabamos de acordo. Lembro unha anécdota. Dábamos a Bécquer e a Quevedo e ela preguntounos:

-A ver, cal vos gusta máis?

Eu dixen que Quevedo e deulle rabia porque lle encantaba Bécquer.

-Pero, como che vai gustar máis Quevedo! Mira Bécquer, que amor, que romantismo...

-Pois a min paréceme que Quevedo ten máis chispa. Bécquer é un pouco ñoño.

E quedou toda estrañada. Supoño que pola miña idade pegáballe máis que me gustase o romantismo de Bécquer".

Ese xeito seu de ensinar, con debates sobre autores, representacións teatrais de textos ou procura na literatura de situacións da vida diaria, levantaba paixóns en parte da aula pero molestaba a quen prefería clases máis convencionais cás de María Victoria Moreno, que chegou a chamar aos exames, *cartas de amor.*

Para Silvia Puga, hoxe profesora de Educación Infantil, era unha pioneira nos novos métodos de ensino: "O seu método para dar clase era como o destas teorías novas de aprendizaxe por competencias, de comprender o mundo... e tiña moito mérito porque daquela non se estilaba, daquela eran apuntamentos, chapar e acabouse. Iso que a min encantábame de chegar á clase e que puidese pasar calquera cousa, había xente que lle molestaba, que quería chegar, copiar e que logo no exame preguntase os apuntamentos. Pero os exames con ela eran distintos. Non che preguntaba pola data de publicación do *Quijote*. A pregunta *era El amor en el Quijote* ou *Vida y muerte en el Quijote*. E logo, á hora de poñer nota, era esixente, pero a esixencia era que ti o vivises, que o entendeses, que te meteses no libro, non que lembrases datas ou calquera dato sobre o autor".

Lorena Conde, outra das alumnas que María Victoria tivo no *Torrente*, tamén lembra a sorpresa que supuña cada exame: "Unha vez mandounos comparar dúas obras, creo que eran *La Celestina e La Regenta*, e concretamente o enunciado era así: *La Celestina y La Regenta, mutatis mutandis*. Nin sequera escoitáramos esa expresión. Ela explicounos o que significaba pero non había unha pregunta no libro que falase das similitudes e diferenzas entre esas obras. Tiñas que atopalas ti na lectura".

Lorena tamén optou pola Filoloxía á hora de elixir carreira e ademais fíxoo animada por María Victoria: "Chameina para pedirlle consello porque dubidaba entre Filosofía, Psicoloxía ou Filoloxía Hispánica. Díxome que os psicólogos estaban todos un pouco tolos e que Filosofía para qué. E optei por Filoloxía. Non cheguei a dar clase nunca pero fixen o CAP e as prácticas co pouso de responsabilidade de querer ser a clase de profesora que era María Victoria. Sabía que a todo o mundo non lle ía interesar ese xeito de impartir a materia mais tamén que ía espertar moitas máis habilidades no alumnado que si estivese interesado. Así que eu quería usar ese enfoque, outro tipo de aula parecíame unha perda de tempo. Tiña o referente de María Victoria moi claro mais levalo á práctica resultou súper complicado. É moi difícil porque fai falla ese talento que a ela lle daba non só o coñecemento senón

tamén a emoción, ese "vou de festa" que dicía cando ía dar clase. Esa motivación contáxiase ao alumnado e xa tes a metade do traballo feito. Logo poden estudar máis ou menos pero durante o tempo que dura a clase van prestar atención e aínda a quen non lle interese nada a Literatura, vaille ir quedando".

Esa conexión especial que María Victoria tiña co alumnado era evidente tamén para o resto do claustro, como lembra **Luís Bará**, compañeiro seu no *Torrente Ballester*: "Era evidente que ela tiña bo *feeling* co alumnado. Conseguía atraelo á Literatura e mesmo o feito de que houbese xente que ía á súa casa consultar libros era algo fóra do normal. Ademais ao cabo do tempo descubrín que tiña un especial afán de proteccionismo co alumnado que tiña dificultades na súa vida persoal, xa non só no *Torrente* senón tamén noutros centros nos que impartira clases antes".

Nese senso, Pilar Álvarez lembra o apoio prestado a tres irmás do Burgo, que como ela eran alumnas do Instituto Feminino. A súa nai tiña unha grave doenza mental e María Victoria ía cada pouco á súa casa, ver se precisaban comida ou calquera tipo de achega, pero como non quería inmiscirse, argallaba estratexias para prestar axuda sen facerse notar demasiado.

"Facíalles a compra e logo dicíame:

-Pili, como imos facer para que non se sintan mal? Porque a nai vaise dar conta de que estamos pendentes e tampouco quero.

E entón, como eu daquela tamén vivía no Burgo, implicabamos ao meu pai. Viña con nós ata a casa delas e cando a nai da rapaza saía á porta, descalza e mal amañada, el dicíalle:

-Mire, é que veu de visita María Victoria e trouxémoslles estas cousiñas porque nolas regalaron e temos moita comida...

E así iamos deixándolles os alimentos. Ela estivo moi pendente daquelas nenas, moito".

"Non tiveches nunca a impresión de que había dentro de ti algo que quería voar?"

María Victoria Moreno
Anagnórise

CAPÍTULO X
ANAGNÓRISE

Lorena Conde tamén lembra esa especial preocupación por criaturas que estivesen pasando situacións delicadas. "Sei de *compas* de clase que recibiron a súa axuda cando tiñan graves problemas na casa. Pero non era unha figura maternal. Ela tiña outra clase de apego contigo. Non era como unha nai, era máis como a Xulia Andrade de *Anagnórise*, unha acompañante de máis idade e máis experiencia que non toma a broma o que lle dis. Ela entendía moi ben a xente nova, tiña sensibilidade para non quitarlle ás nosas cousas importancia e para non adoptar esa actitude paternalista de "xa o entenderás cando medres". Molestábase en intentar entender porqué nos sentiamos como nos sentiamos, e por iso lle contabamos cousas que non contabamos na casa".

As alumnas da época do *Torrente* coinciden co que sentiu Nenuca Gallego na primeira etapa do Instituto Feminino: unha das cousas que convertían a María Victoria nunha profesora moi especial era ese xeito de tratar o alumnado como persoas adultas. "Daquela no instituto tratábante como se foses unha nena, como se non entendeses nada ou con superioridade, como se ti foses alguén

inferior, pero ela non. Ela intentaba entender a túa problemática", di Silvia. E Lorena Ferreño coincide: "Escoitaba as túas opinións e nunca che facía sentir que dicías unha parvada. Non era que fose de colega, porque non era así, era a túa profesora e impoñía, pero preocupábase por ti. Observábate, deixábate falar e non soportaba que ninguén se sentise mal".

Lembra Lorena Ferreño cunha mestura de rubor e tenrura unha anécdota do seu tempo do instituto. Insistira na casa para que lle mercasen un pantalón de marca, caro, e o día da estrea manchouno con lixivia. Chegou á clase desgustada e María Victoria preguntoulle qué lle pasaba. Cando llo contou, ofreceuse a mercarlle outro. "Pénsoo agora e dáme vergoña porque era unha bobada pero daquela para min foi un drama e ela tivo empatía. Outra igual me diría que era unha parvada pero ela non, estou segura de que se lle digo que si mércamo, porque non aturaba ver a ninguén triste e era súper xenerosa. De feito un día, estando na súa casa, díxenlle que me encantaba o seu olor e regaloume o seu bote de *Eau de Rochas*. Non podías dicirlle que che gustaba nada porque axiña cho daba".

Silvia Puga e Lorena Conde corrobórano. Á primeira coincidiulle facerlle unha entrevista para o traballo da carreira o 23 de abril, data na que María Victoria sempre levaba un exemplar do *Quijote* á clase para conmemorar o día do libro lendo un parágrafo. Aquel ano elixiu unha edición especialmente custosa e ao rematar a xornada, deullo a Silvia. "Eu era unha rapaza e non podería terme permitido un libro así. Aínda o conservo como ouro en pano". No caso de Lorena foi un paxariño de Sargadelos que comentou que lle gustaba nunha das visitas á súa casa: "la con outra compañeira, e María Victoria abriu a porta e sacou un paxariño de Sargadelos da súa colección para cada unha".

Pero a Lorena o agasallo que máis lle emocionou foi o que chegou ás mans da súa nai: "Era o seu aniversario e a miña irmá e mais eu estabamos na *Libraría Seijas* mirando uns libros de receitas, que á miña nai encantábanlle. Non a vimos entrar. Estivemos botando un ollo a un precioso, con fotos, para facer marmelo e confeituras pero

non nos chegaban os cartos. Cando pedimos que nos envolveran outro cativiño, escoitámola detrás:

-Envolve o outro.

Pagounos ela o libro de confeituras para a miña nai".


oracións subordinadas

"Os libros, ás veces, parece que están mortos e hai que darlles vida establecendo a relación entre as cousas que din e os acontecementos da vida real"

María Victoria Moreno
Anagnórise

CAPÍTULO XI
A AULA NO MUNDO

Unha excursión a Compostela con Silvia Puga e Lorena Ferreño para acudir á presentación dun libro que lles permitiu coñecer a algunhas das persoas que aparecían nos seus apuntamentos de Literatura Galega Contemporánea. Ou unha viaxe con Pablo, o profesor de Grego, para acompañar varios alumnos a un certame ciceroniano que tiña como premio unha viaxe a Arpino, o lugar de orixe do político e filósofo romano. A María Victoria a aula seguía quedándolle pequena para impartir as súas lecciónns máis importantes, aquelas que non tiñan que ver coa literatura. "Agora, logo de tantas cousas, eu recordo as clases de María Victoria máis como aprendizaxe persoal. Eu adoro o *Quijote* e sei que o adoro por ela, pero sobre todo achegoume aprendizaxe persoal. A súa forma de dar clase era totalmente distinta á que pode estar acostumada unha alumna de dezaseis anos pero non deixabas de aprender, sobre todo cousas da vida que co tempo son as máis relevantes. Na súa clase non collías apuntamentos, para o exame estudabas polo libro cousas que logo probabelmente esquecías. Pero as que falabas con ela, non. Esas quedan co paso dos anos", incide a súa alumna Ana del Valle, coa que mantivo unha longa relación de amizade.

Había moita distancia entre o seu tempo e o de Pilar Álvarez, mais ambas coinciden no que foi importante: "O carácter de María Victoria non foi ser *profe* senón mestra de vida. Con ela e José Luís vivín unhas experiencias que cos meus pais, que tiñan tres fillas e pouco tempo para parar a pensar nestas cousas, non podería vivir nunca. Ela aproveitaba cada viaxe que faciamos, a Portugal, a Coruña, mesmo á Festa da troita en Sigüeiro, para tirar unha aprendizaxe", di Pilar.

A gastronomía foi materia tamén para Lorena Ferreño: "Un día, durante a preparación do traballo, convidoume a xantar na súa casa e preparou ourizos de mar. Eu nunca os comera e pensei: 'Ui, e agora que fago se non me gustan?' Pero encantáronme. Alucinei con aquel sabor a mar!".

Begoña confirma que a súa nai era unha magnífica cociñeira e gozaba invitando: "R*echifláballe* cociñar para xente de fóra, porque dicía que llo apreciaban máis ca nós. Facía arroz á banda, ao forno, touciño de ceo, flan, cochiño, pavita trufada, *bavaroise* de piña, que era unha especie de flan con leite condensado riquísimo... Era unha cociñeira excelente".

Con ela, asegura Lorena Ferreño, todo era sorprendente: "Como mestra conseguía abrirche un mundo novo. Conseguíao! Eu sempre saía daquela casa emocionada e falando marabillas. Daba igual se era por unha comida ou por un libro. Ela contábame cousas e eu saía de alí con gañas de ler máis sobre iso que ela contara, de descubrir en *Anagnórise* aquilo que ela dixera que podías ver aí e non viras nun primeiro momento. Era unha pasada".

Con María Victoria o mundo mirábase con outra ollada.

"A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor"

María Victoria Moreno
Escritora alófona eu?[1]

CAPÍTULO XII
O AMOR E AS PALABRAS

Unha das experiencias que Pilar Álvarez lembra con máis cariño daqueles paseos que María Victoria convertía en aulas, foi a de acompañala aos cursos nocturnos de Lingua e Literatura galega, que aínda non morto o ditador, impartiu en Vilagarcía:

"Chegaba á libraría e dicíame:

-Pecha e ven comigo.

Logo naquela clase case nunca se falaba da materia. Cadaquén contaba a súa experiencia. Dunha volta había un grupo de mariscadoras vinculadas ao movemento feminista, que estaba moi en auxe e defendía o uso do galego. Un día veu a policía, tomoulle a María Victoria os datos e acabou a clase. Dixeron que tiñamos que disolver aquela reunión porque era ilegal".

Escritora alófona eu? está incluído nas actas do I Congreso de Poetas Alófonos en Lingua Galega, editadas por Alonso Montero e Xosé María Salgado. O fragmento está extraído do libro *María Victoria Moreno. Sementadora de futur*o, que publicaron Isabel Soto e Xavier Senín en marzo de 2018 coa editorial *Xerais*.

Empezou a impartir os cursos en 1972, e en xullo do ano seguinte a policía retiroulle o pasaporte por dar clases no Ateneo de Ourense, considerado subversivo polo seu claro cariz *antifranquista.*

Foi apenas unha das múltiples manifestacións da adhesión de Maria Victoria a aquela lingua que asumira como propia desde que o seu amigo Xesús Alonso Montero lle transmitira o vencello entre a súa defensa e a das xentes menos favorecidas do país. Segundo conta a súa familia, chegou a dar clases ás agachadas na sancristía da igrexa dunha aldea de Galiza, co cura como cómplice e de xeito totalmente desinteresado.

"Por aquelas clases en Vilagarcía nunca cobrou nada. Dicía:

-Pili, quérenme pagar. Pero como vou cobrarlles por vir aquí? Se é o que máis me gusta! Cres que lles podo cobrar algo cando eu estou a pasalo tan ben con estas persoas que teñen tantas gañas de aprender? Iso para min xa é suficiente".

Foi actualizándose nos cambios que a lingua oficial experimentou e defendeuna non só na aula, tamén en múltiples conferencias e dentro da ágora que foi *Xuntanza*:

"Era unha das cousas que me inculcaba:

-Pero Pili, como tendo a lingua de Afonso X *o Sabio*, podes falar en castelán? Fala en galego!

E na libraría atendiamos en galego. Un día comentoumo:

-Tes que falar en galego.

-Pero se non sei...

Levantouse, foi coller *Memorias dun neno labrego* e díxome:

-Telo que ler. Isto é como o catecismo.

Lino claro, como con ela aprendía tanto, sempre facía o que me dicía pero non porque ela me forzase, senón porque me incentivaba a que me superase".

Xosé Neiras Vilas dedicou o seu libro máis lido "a todos os nenos que falan galego" e coma el, María Victoria espallou a lingua entre a infancia coa publicacións de contos fermosos como *A festa no faiado*, *Haberá tirón de orellas?*, *A brétema* ou *O Cataventos*.

Aínda que era políglota pois falaba castelán, galego, catalán, italiano, portugués e francés, dominaba o latín e mesmo coñecía vocabulario en árabe, romaní ou ruso, o seu compromiso co galego fixo que tras os primeiros escritos en castelán optase por darlle prioridade á lingua do Balbino de Neira Vilas fronte a do seu admirado Cervantes. E foi o galego o elixido para expresar as súas emocións a través da escrita, como facía o seu querido Balbino: *"Teño pensamentos que non lle podo contar a ninguén. Algúns non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por iso escribo. E despois durmo como unha pedra. Quedo desatafegado, libre, coma se me quitasen de enriba un bocoi. ¡Cousas miñas!".*

Unha década despois daquelas primeiras clases que de xeito altruísta daba por todo o país, exercería como mestra en cursos de perfeccionamento para o profesorado e no seu seo forxaría outra grande amizade coa mestra de Educación Infantil **Mari Carmen Salgado**, que ademais era veciña do barrio.

"Se eu achase a palabra de lume, de auga, de aire, de terra aloumiñada pola brisa que arrola cada tarde..."

María Victoria Moreno
Elexías de luz

CAPÍTULO XIII
A VECIÑA DA PERSIANA

María Victoria sempre foi medrosa. Xa de nena, conta Rafa Moreno, o seu irmán Antonio simulaba con fíos e arames arañas que lle colocaba enriba da amofada para facela rabiar, porque ela tíñalle un medo atroz a eses bichos. De maior os temores foron outros, mais seguiu sendo medrosa, sobre todo a raíz da morte do seu home, o 19 de xaneiro de 1996. Foi un momento duro que mesmo lle provocou unha úlcera. E a persiana de Mari Carmen foi un chiscar de ollos contra a soidade. "Dáballe seguridade. Pasou momentos durísimos e como eu tiña os meus pais na aldea e pasaba tempadas fóra nas que a miña persiana permanecía pechada, cando volvía o primeiro que facía era subila un pouquiño para que soubese que xa estabamos aí, porque iso a ela dáballe tranquilidade".

A relación empezara antes, naquel 1985 en que Mari Carme decidiu apuntarse ás clases de perfeccionamento de galego para profesorado: "Aínda que eu era mestra de Infantil e non precisaba o curso, como bilingüe apetecíame facelo para mellorar o meu galego e ademais entendía que aquelas criaturas tiñan que poder falar na aula o seu idioma materno. Aí nos coñecemos. Logo como

viviamos enfronte, viámonos na rúa ou na panadaría e a relación xa foi de amizade. Eramos moito máis ca veciñas, eramos irmás. Ela chamábame irmá pequena. Quedabamos na súa casa ou na miña cando algunha das dúas precisaba desafogarse un pouco, falabamos do divino e do humano e ela ás veces pedíame consello. Eu dicíalle:

-Pero como me pides consello a min, se ti sabes moito máis de todo!

-Na vida estás máis posta ti ca min.

-Que va, muller, o que pasa é que desde fóra se ven mellor as cousas".

Begoña tamén lembra esa teima da súa nai de ser pouco hábil no cotián: "Ela dicía sempre que ser sería moi intelixente pero que era moi torpe para a vida diaria. Así que unha vez que faltou o meu pai que era o que a centraba, cando tiña un problema víñame a min:

-Imos solucionalo xuntas, anda, que ti es a parte práctica da parella.

Pero foi realmente ela a que me ensinou a prever, a ter solución para os problemas antes de que chegasen".

E se chegaban, María Victoria ollaba cara á persiana:

"Eu fose o día que fose, tan pronto me levantaba, xa subía un pouquiño a persiana. E ela sabía que se me precisaba, tíñame a calquera hora. Mesmo se estaba na aldea chegaba en hora e media. Pero non o pediu nunca. Era sumamente coidadosa. Lembro unha vez que veu comigo alá, á casa dos meus pais, levantouse ás tantas da mañá e nin sequera acendeu o quentador por se acaso os espertaba. Era inverno e duchouse en auga fría, a moi tola, por medo a espertalos. Eu quixen matala pero ela era así, tiña unha sensibilidade enorme coa xente".

"O corazón, como as cousas que se saben, coma os cartos que se gañan, soamente serve para algo se se comparte cos demais"

María Victoria Moreno
Leonardo e os fontaneiros

CAPÍTULO XIV
LEONARDO E OS FONTANEIROS

Todo o mundo coincide en que á alma xenerosa de María Victoria prestáballe máis dar ca recibir, e xa sabemos que era incapaz de non intentar aliviar a aflición de alguén. Por iso, cando viu a Mari Carmen tan baixiña de moral por aquela doenza que a mantivera deitada, ofreceulle ser a ilustradora do seu novo libro, *Leonardo e os fontaneiros*. Era 1986. Aínda non facía moito que se coñecían pero xa sabía da súa maña cos lapis e prestábanlle os debuxos que a súa veciña levaba facendo desde moi nova. "Na casa da aldea tiñamos unha cociña de ferro *La Bilbaína* con mesado de mármore, e de nena eu empezaba pola esquina cun lapis ata que o enchía todo. Logo ía a miña nai e borraba".

María Victoria presentóuselle na casa un día e fíxolle o ofrecemento. Ou máis ben, deulle a orde.

"Entrou e dixo:

-Xa te podes erguer da cama que vas ilustrar este libro que rematei.

Ela sempre viña con algo e desa trouxo o texto de *Leonardo* para que o lese e o ilustrase. Fixo que me erguese da cama e me puxese a debuxar. Para min foi como a lotaría e os Reis Magos, todo xunto, aínda que tiven a sensación de que aquilo me superaba porque eu facía sobre todo gravado e aínda que debuxaba moito, debuxaba para as criaturas da escola, para os meus fillos... Esa foi a primeira vez que ilustrei un libro e creo que tivo que dar unha batalla enorme para que puidese ilustralo eu. Era un texto marabilloso e había xente con moita máis experiencia, mais ela dicía que o que eu facía lle gustaba moito e sobre todo quixo facerme ese agasallo para que me animase".

Mari Carmen saíu da cama, recuperou os seus vellos apuntamentos de debuxo e puxo mans á obra: "Íla á praia e facía uns debuxiños con posicións de nenos, ou na aldea aproveitaba que o meu irmán estaba agochado trasfegando nos ferros para idear a postura que ía ter Antón cando era de atrapar os ratos que fuxiran do armario da clase. Así rematamos o libro e un día chegoume á casa berrando:

-Galaxia dixo siiii!!!

Fomos ás dúas a Vigo, á presentación, que eu non sabía onde meterme. Sentíame tan distinta daquela xente que dominaba tan ben ese mundo... Pero ela sempre foi moi cariñosa. Logo fomos á aldea, a levarlle aos meus pais o primeiro exemplar dedicado".

Non foi a de Mari Carmen a única habilidade que María Victoria alentou. Todo o contrario. Para **Isa Rodríguez,** compañeira no *Torrente Ballester* e unha das súas amizades máis queridas, esa era precisamente unha das súas principais virtudes, facer que os demais se sentisen especiais: "Ela posuía un don que é moi escaso... tiña a enorme capacidade de facer sentir a cada persoa importante. De que todo o mundo se sentise atendido e entendido. Máis aínda, de que todo o mundo se sentise interesante".

É unha idea transmitida con forza por **Xoán Miranda** nun emotivo vídeo que, co gallo das Letras Galegas, elaborou para o *Torrente Ballester* Gaspar Broullón, tamén alumno de María VIctoria. Xoán

explica que desde pequeno os seus mestres lle adxudicaran a etiqueta do bo estudante que chegaría lonxe, mais coa adolescencia converteuse nun alumno aboado ao cinco raspado provocando a decepción en todo o profesorado menos nela: "Na súa clase si que me sentía distinto. Facíame sentir especial, non mellor có resto pero si igual có resto. Deixei de sentirme aquel alumno mediocre que nunca ía chegar a nada para empezar a sentirme mellor. E ao final, se ben non conseguín grandes logros, penso que si conseguín facer o que me apeteceu na vida". Logrouno, di, grazas á confianza que lle devolveu María Victoria: "Se non fose pola súa influencia só naquel ano que me deu clase, ao mellor hoxe non sería a persoa que son".

A receita foi facerlle ver que sen ser o mellor, era único: "Non necesitabas ser un alumno brillante para ser querido por ela. Simplemente con ser boa persoa e ser bo alumno, que non é o mesmo que ser un alumno brillante, tiñas un pedaciño do seu corazón e do seu respecto".

A Mari Carme Salgado alentoulle a paixón pola pintura e a Mari Fernández o gusto pola escrita. A súa consogra intentou desafogar a dor da perda de dous fillos a través de relatos e poesías que María Victoria lle pedía que lese naquelas tardes de charlas compartidas nun banco xunto ao panteón. "Ela regalábame uns cadernos preciosos nos que eu escribía o que me parecía. Logo no cemiterio líalle o escrito e ela lía para min poemas que tiñan que ver co que eu pasara ou que lle parecía que me podían gustar. Sempre intentaba arengarme aínda que sabía que era pouco o ánimo que podía ter eu".

"Para que dea saída á súa luz interior, unha muller que escribiu páxinas insólitas no libro da vida", escribiulle nun deses cadernos María Victoria a Mari.

Tamén fomentaba as habilidades do seu alumnado, como lembra Lorena Conde; "Xa no instituto tiven claro que quería ser actriz pero na miña casa non sentou moi ben. Tiñamos un pouco de liorta con iso e unha tarde, merendando con María Victoria, preguntoume:

-Entón, que é o que queres facer?

-Eu quería ser actriz...

Calei agardando que me dixese o de toda a xente adulta, que estaba tola. Se cadra non que adoptara unha actitude tan hostil como a da miña casa mais si que me dixese algo como 'se realista' e en cambio, ela díxome:

-Pois non sei como se fai iso pero imos mirar como é que se pode facer.

A min, nese momento, que unha persoa adulta dixese que iso se podía facer, e que ía mirar como... ostras! Logo a cousa non callou porque aquí non había Arte Dramática e rematei estudando Filoloxía mais ela si que se preocupou de mirarmo e para min foi moi importante".

Tamén foi esa habilidade especial que tiña María Victoria a que foi quen de atopar un proxecto que non só ilusionase a Begoña logo da tristura provocada pola fin do seu matrimonio, senón que se convertese no seu modo de vida. "Cando volvín á casa non quería retomar os estudos, e ela sempre contaba que lle foi pedir consello á Peregrina e que na praza viu un cartel que puña: *Escuela de Joyería*. Pensou: 'Perfecto! Begoña debuxa, fai cousas coas mans... isto da xoiaría vaille gustar'. E a verdade é que me encantou. Nunca me tivera pasado pola cabeza porque nós ás xoias nunca lle demos valor, mamá non usaba, eu tampouco... mais ela viu aquel cartel e como se facía deseño e logo se traballa coas mans, pensou que me ía ir ben. Acertou! Buscou non só algo no que eu puidese traballar senón un modo de encamiñar a miña vida, de poder sentirme mellor".

Acertou de pleno. Begoña acudiu a aquela escola de xoiaría e despois, en 1997, xa falecido o seu pai, marchou a Salamanca para estudar Alta Xoiaría.

"Leite defendido de voracidades adultas, tan amargo. Entregado maternalmente, tan suave"

María Victoria Moreno
Onde o aire non era brisa

CAPÍTULO XV
AS BOLSAS DE ESTUDO MARÍA VICTORIA MORENO

Na escola de xoiaría da praza da Peregrina, Begoña tiña un compañeiro con dificultades para pagar a contiosa matrícula de centro privado. Foi asumindo os gastos do primeiro curso co traballo que facía en horario non lectivo, mais cando chegou ao segundo as contas non daban, así que María Victoria pagoulle a matrícula. Aínda hoxe traballa como xoieiro.

Hai tantos recordos de muller boa e xenerosa...mesmo con xente que nunca soubo que o fora. Un rapaz que fixo Terceiro de BUP con Begoña non tiña cartos para a excursión de fin de curso, e para que puidese facela, María Victoria inventou que no centro existía unha bolsa, asumindo o custo ela sen que nin o rapaz nin a súa familia se decatasen:

"Díxolle:

-Non te preocupes, dille á túa nai que eu xestiono no instituto unha bolsa para ires.

Logo pagoulle a viaxe ela, e o rapaz nunca o soubo. As cousas fanse e non hai porqué dicilas".

Begoña foi criada na solidariedade do silencio. "Eu vin como xente á que a miña nai axudara despois se distanciaba porque sentía que lle debía algo e resultáballe incómodo. Eu non o entendo, mais agora sempre intento que non se saiba que a axuda vén de min porque poden pensar que che deben algo, e non! Ti falo porque queres. Iso foi o que a min me ensinaron sempre".

Así, en silencio, foron multiplicándose as bolsas María Victoria Moreno: "Fíxoo moitas veces. Con excursións, matrículas, libros. Dicíalle ao alumno:

-Hai unha bolsa, non te preocupes que eu xa che arranxo todos os papeis para que a consigas.

E logo ía ao instituto e dicía:

-Deume os cartos Fulanito para tal cousa...

Por que alguén ía pensar que non era certo? Ninguén o sabía e mellor, porque así a xente non se sentía mal. Ela facíao para que a persoa puidese seguir estudando ou porque pensaba que realmente merecía a viaxe. E con ese invento das bolsas de estudo fuxía desa cousa tan católica da caridade".

Pilar Álvarez tamén lembra que xa en Nocturno facíase cargo dos gastos de desprazamento de varias alumnas que chegaban de Bueu, Sanxenxo ou Barro "e eramos corenta na clase!".

Sempre tivo unha clara conciencia social. Pero como ben recalcaba Begoña, non cría na caridade, -directamente relacionada co caciquismo que ela critica tan fermosa e contundentemente na súa novela *Onde o aire non era brisa*-, senón na solidariedade. A súa amiga Mari Carmen lembra unha anécdota preciosa ocorrida no tempo en que andaban de promoción con *Leonardo e os fontaneiros*. "Había un acto de gala en Santiago, no Hostal dos

Reis Católicos, non lembro se eran os Premios da Cultura, e había un home no Obradoiro pedindo para comer. Ela meteuno dentro, con aqueles farrapos, sentouno na cafetaría e cando chegou o camareiro, díxolle:

-Este señor é un convidado meu.

A continuación pediulle un café e un pastel. Eu non me atrevería. Igual lle dou unha esmola para tomar o café, pero ela deulle compañía, deulle respecto. Non era o valor do café. Fíxoo sentirse importante por un momento. E eu sentinme privilexiada de ser amiga súa".

María Victoria consideraba inxusta a desigualdade social e loitaba realmente contra ela, sen demagoxia. "Para ela, ter un soldo que lle permitise unha vida agradábel e tranquila era dabondo. Dicíallo a Carlos e Begoña. Que ter un teito baixo o que vivir con comodidade, unhas boas vacacións e saír a comer fóra de cando en vez, era suficiente. Non pedía grandes cousas. Era consciente da situación doutra xente e o seu soño era o reparto entre a humanidade. Pensaba que como ela tiña moito, debía axudar a quen tiña menos para así compensar", explica Isa Rodríguez.

Non hai nin unha soa persoa que non asine baixo o seu nome a rúbrica de xenerosa.

"O sol demorábase un chisco en fuxir porque quería consolala e ela, ao agarimo da súa raiola, deixábase querer"

María Victoria Moreno
A brétema

CAPÍTULO XVI
O CONFESIONARIO NA LIBRARÍA

Cando Begoña foi estudar a Salamanca, María Victoria ficou vivindo soa naquel fogar que sempre estivera cheo de xente. José Luis morrera, Carlos marchara tamén, e a súa nai trasladárase a vivir a unha residencia madrileña preto de Antonio, o maior dos fillos varóns. Así que ela fuxía da soidade baixando as escaleiras e percorrendo a rúa.

A primeira parada obrigatoria era a libraría que, como ás veces o guión da vida ten eses xiros, montaran en 1981, xusto debaixo da súa casa, aquela alumna do Instituto Feminino que quedara prendida dela desde o primeiro día de clase, e o seu marido, **Tito Seijas**. Nenuca Gallego non forxara unha relación especial con ela cando era a súa mestra e logo perdéraa de vista. Ía de cando en vez con Tito a *Xuntanza* sendo estudantes de Maxisterio, mais nunca coincidiron. Logo decantaron a súa vida profesional ao comercio e quixo a casualidade que montasen unha libraría na súa rúa e aínda así, nin sequera tiña moita relación con María Victoria, porque ao principio a presenza da literatura no negocio era nula. *Seijas* estaba especializada en material técnico co que fornecer

ao alumnado de Formación Profesional do instituto do barrio, o *Martín Sarmiento*, así que o primeiro día que a escritora achegou o seu nariz ao escaparate só atopou libros de caldeirería, manuais sanitarios, compás e rotuladores *Rotring*. Mais era un negocio do seu barrio e María Victoria era das que facía barrio. Non chegaba á panadaría, pedía un molete e marchaba, ela interesábase por como estaban a panadeira e o seu fillo. E coa libraría aquela dos cartabóns non ía ser menos. Daquela atendía Tito, así que foi el o que iniciou a relación con María Victoria. "Empezou a baixar á libraría, a contarme o que estaba a facer, como o facía, esas cousas... e eu escoitábaa. Facíalle de confesor".

A libraría substituíu ao confesionario obrigado da infancia e Tito foi o cura laico. A través del María Victoria acabou forxando unha estreitísima amizade con Nenuca, a súa amiga Rosi, que estaba na mesma clase do Instituto Feminino ca ela, e Manolo, o home desta. Co tempo, as tres familias acabaron sendo veciñas pois María Victoria mercou un piso no edificio do lado da libraría, no número 15 da avenida de Vigo, e a cuadrilla *dos Titos*, como ela lles chamaba, tamén. Ela vivía no terceiro andar e no quinto, os dous matrimonios amigos, que, sobre todo a partir da viuvez, se converteron nunha presenza imprescindíbel na súa vida. Mesmo chanceaba coas súas ausencias nas vacacións:

"No verán iamos coa familia e unhas semanas antes ela xa empezaba a preguntar:

-Cando me facedes o corte de manga?

Que era pechar a libraría. Ela estaba encantada de que foramos de vacacións, pero faltabámoslle. Estaba acostumada a pasar pola libraría cada vez que baixaba, e podía botar alí media hora ou hora e media".

Mesmo argallaba encontros nos que amosar afectos.

"Tiñámoslle prohibido facernos agasallos de Nadal, porque era excesivamente xenerosa e ademais nós eramos catro e ela unha

soa. Entón, qué fixo? Inventou a cea das colonias. Celebrábaa dúas semanas antes e dicíanos que non tiña nada que ver co Nadal. Facía unhas comidas impresionantes e regaláballes ás nenas colonias".

Sempre intentaba que fosen colonias especiais. Yoli, a filla pequena de Nenuca e Tito, aínda conserva unha maletiña de cartón de *O Principiño*, que acollía a botella un dos anos. "Se atopaba unha colonia de *Unicef* ou dalgunha asociación que tivese que ver coa infancia, perfecto. E se non, buscaba algo relacionado coa literatura ou con algunha cousa curiosa".

Tamén no inicio do verán, antes do *corte de manga*, María Victoria organizaba a cea das camisas, na que Tito e Manolo recibían sendas prendas como obsequio. Con Nenuca e Rosi pinchaba en óso: "Rexeitabamos calquera tipo de agasallo. Ao principio si nos facía pero logo diciámoslle que non porque eran excesivos".

A *Libraría Seijas* era tamén punto de encontro con outra xente. Tito Seijas lembra o apuro que pasara nunha das visitas que Alonso Montero fixo a Pontevedra para ver a María Victoria. Citouno na libraría e logo demorouse un bo rato en baixar.

-Xa verás, déixame aquí agardando media hora e logo faime ir de paseo cos cans, queixouse Alonso Montero.

O paseo coas súas mascotas por Campolongo era para María Victoria unha cita ineludíbel.

"Porque os cans, fóra a alma, son como as persoas. Decátanse das cousas coma nós"

María Victoria Moreno
Anagnórise

CAPÍTULO XVII
UN PASEO CON ALMA

Forma parte do imaxinario da cidade. É o retrato que a maioría garda dela. O escenario, xunto coa aula, onde máis xente a sitúa. María Victoria paseando por Campolongo coa súa cadela e o can. E no barrio engaden á escena rapazada agardando que lles merque lambetadas no quiosco de Ernesto. Aínda se ve o cadrado baleiro no chan que o acollía, xunto á porta do colexio, e **Merce Sarmiento** non é quen de agochar as bágoas mentres fai o vello percorrido coa cámara de televisión que, en febreiro de 2018, grava o documental das Letras Galegas. "Faciamos o paseo cada día entre as cinco e as sete ou sete e media. Empezamos as dúas, eu paseando a Sansón e ela a Alma. Logo uníronse a miña amiga Concha e o seu home, Javier, que fumaba en pipa e tiña unha por cada día do ano, paseando a súa Renata. E tamén viña Sara con Nico. O último en unirse foi Paco, o de Celulosas, pero cando morreu Lúa deixou o paseo aínda que mantivemos a amizade. Foi el quen me trouxo o *Mulleres Bravas* de Eli Ríos".

María Victoria xa tivera unha Alma estando casada pero morreulle envelenada e cando enviuvou, o médico dixo que lle viría ben

unha cadeliña nova. Contoulle a Merce que así como a primeira a escollera ela, neste caso fora o cachorro quen elixira a dona. María Victoria foi ver unha camada de *teckel* e como se lle parecían á súa cadeliña morta dixo, 'ai mi Alma!' Ao momento unha das cadeliñas botou a andar cara a ela e con ela ficou para sempre. Era a Alma definitiva, a da portada de libro, a mascota máis mimada de todo Campolongo.

Sempre a levaba suxeita polo paseo. O Sansón de Merce, en cambio, ía solto. Foi así como se coñeceron.

"Sansón foi cara a Alma e María Victoria asustouse:

-Ese can, ese can!

-Non se preocupe, non fai nada.

Foi como un frechazo, pero de amizade. Preguntoume se eu era de por alí e a partir dese día paseamos xuntas".

Concha Ortín, a dona de Renata, tamén lembra con agarimo aquelas tardes con María Victoria: "Durante eses paseos, cando estabamos a soas con ela, abría o seu corazón para expresar as súas alegrías, as súas tristezas, o seu profundo amor polas amizades, os libros, o ensino e a familia, sobre todo pola dóce Begoñita. Era cultísima sen alardear diso, humilde, sincera e xenerosa ata o extremo".

Son moitos os libros de María Victoria que reflicten a súa paixón polos animais. Leonardo, o dos fontaneiros, é un can, e a protagonista de *Guedellas*, Rato Chus, ten a facultade de comunicarse con eles telepaticamente, porque María Victoria defendía que tiñan esa capacidade de entenderte mesmo sen palabras. Para ela, os animais, especialmente os cans, eran moi importantes, e como receptores do seu afecto, destinatarios dunha xenerosidade desmesurada que a moitas persoas lles parecía unha excentricidade. Cando María Victoria ía cear a un restaurante, non é que pedise as sobras para Alma, pagaba un prato de carne, mesmo solombo, para levarllo. E o relato creado

arredor desta peculiaridade incluía que as súas mascotas comían en pratos de Sargadelos ou amordicaban os libros que a ela non lle gustaran. Hai alumnado que lembra a narración da voda oficiada cando foi de cruzar a cadela con outro can, e nalgún aniversario montoulle festa, invitación de papel incluída, con Sansón, Renata, Lúa e toda a rapazada de Campolongo como convidados. Sansón levoulle unha xirafa para morder como agasallo, e María Victoria preocupouse porque o can de Mercedes non comía ningunha das lambetadas para mascotas que había na celebración.

"Ela contaba esas cousas e había quen non a entendía -explica a súa amiga e compañeira no *Torrente*, Isa Rodríguez-. Pero a ela non lle importaba. Ela recibía enerxía da xente que quería, dos animais e mesmo das árbores. Dicíame:

-Isa, ti dálle unha aperta á arbore que che vai dar moita enerxía.

E dáballa ela sen importarlle que a xente a mirase estrañada.

-A esta idade xa me dá igual que me vexan ou que non me vexan, comentábame sempre".

Mesmo tivo unha liorta cun home que lle afeou a conduta por poñer a Alma a beber na fonte:

-Saque de aí a cadela! Non ve que por aí beben os nenos?

-A auga corre e a miña cadela non ten mal ningún!

Pois non. Nin de corpo nin de espírito que para iso lla levaba a Recuna a bendicir cada festividade de san Antón, non sabemos se por fe, por amizade co cura ou porque, como di Nenuca, "ela por Alma faría iso e o que fixese falla".

"O último temporal levoume polos aires unha azalea preciosa que tiña na terraza. ¿Onde foi parar co seu testo de barro?"

María Victoria Moreno
Diario da luz e a sombra

CAPÍTULO XVIII
O LIMOEIRO DE SPIDERMAN

A liorta pola sede de Alma non foi nada comparada co enfado que agarrou María Victoria cando *Spiderman* lle rompeu o limoeiro da terraza. Non foi Peter Benjamin Parker, el non faría tal cousa. En Pontevedra chamábanlle *Spiderman* a un ladrón que reptaba polas fachadas e entraba nas casas polos balcóns. Unha noite, estando xa viúva María Victoria, gaveou polo seu edificio e Alma, para avisar, púxose a ladrar no cuarto de Begoña, que daquela aínda non marchara a Salamanca. Á rapaza xa lle parecera escoitar a cortina da cociña moverse e foi espertar a súa nai, pero ela convenceuna de que fora o vento e volveron deitarse. A mañá seguinte souberon que o ladrón entrara no piso de abaixo e que na fuxida rompera o limoeiro de María Victoria, que a piques estaba de dar o primeiro limonciño. Á súa casa non foi, probabelmente porque Alma tiña tal carácter que se a escoitabas ladrar sen vela, pensabas que en vez dun *teckel* había un *bulldog*, mais María Victoria presentouse igual na comisaría para denunciar que *Spiderman* lle estragara o limoeiro. "Quixo poñer unha denuncia pero na policía non lle fixeron nin caso alegando que a nós o ladrón non nos roubara nada. Non

vexas a miña nai! Estaba toda indignada! Que como podía ser que ela fose queixarse porque quedara sen limoeiro e non lle colleran a denuncia!".

Era outro trazo do carácter de María Victoria. Cando estaba convencida de algo, defendíao diante de quen fose. E como a cabrearas, escoitábala pero clariño: "María Victoria tiña un temperamento forte cando falaba de algo do que estaba segura. Se ela o tiña claro, defendíao a morte en contra de quen fose. Pero se era alguén de preto quen lle levaba a contraria o que intentaba era levalo polo rego. Se non o lograba á primeira, lográbao á segunda pero ela sempre buscaba convencerte, atraerte". A análise de Nenuca coincide bastante coa de Mari Carmen Salgado, a ilustradora do primeiro *Leonardo*: "Ela sacaba o carácter cando tiña que sacalo, pero máis para defender a outra xente que a si mesma. Se tiña que dicir as cousas claras, dicíaas moi clariñas, que como repetía sempre o idioma permite explicalo todo moi ben, que ten moito vocabulario. Ela era respectuosísima, moi correcta, pero se tiña que cortar, cortaba e puña a quen fose no seu sitio".

A propia María Victoria dicíalle a Pilar Álvarez "e que ti xa sabes que eu teño moi *mala leche* cando me enfado, Pili, e non me quero enfadar". E nin Pilar nin Mari Carmen, Merce, Isa ou *os Titos*, tiveron nunca nin a máis mínima discusión con ela. Begoña si, e asegura que cando a súa nai se cabreaba "buf! era un tren!" pero un de velocidade alta porque axiña lle pasaba, en ocasións mesmo antes do que á filla lle gustaría: "Ela era moi sincera e transmitía o seu enfado pero logo coa xente que quería non era quen de mantelo. Eu si, e ás veces cría que ela facía mal perdoando tan lixeira, mais era incapaz de non facelo. A miña nai dicía as cousas de fronte pero logo perdoaba".

"Enfadáballe a mediocridade, a mesquindade da xente, a estreitura de miras, a maldade. A maldade de balde púñaa furiosa. E tamén a xente *advenediza*", resume Isa Rodríguez, mentres lembra cun sorriso unha sonora liorta da súa amiga e compañeira de claustro en plena rúa Oliva:

"Había unha muller que pedía esmola a cambio de ler a boa ventura e se non lla dabas, insultábate. Un día fíxoo con María Victoria e saíu disparada. A muller empezou:

-Filla de puta, porca!

E María Victoria deu a volta e montoulla aínda máis gorda. Púxose a berros:

-E ti máis!!!

Eu rifeille:

-María Victoria, por favor, en plena Oliva...

Pero a ela dáballe igual".

Mari Fernández lembra outra anécdota semellante da súa consogra pero cunha esmoleira que no cemiterio, cando María Victoria lle dixo que non levaba cartos, desexoulle unha mala morte.

"Deulle *mal fario* e púxose a berrar con ela:

-Miraaa!!! A min ti non me dis iso!

Dicía que a partir dos corenta, unha tiña que dicir o que pensaba".

E facelo, porque nun daqueles paseos por Campolongo, a María Victoria pareceulle que os arbustos non estaban ben coidados e ao día seguinte baixou con dous pares de tesoiras coas que Merce, a dona de Sansón, e mais ela, se puxeron a podalos. Un veciño viunas e saíu pola ventá a afearlles a conduta:

-Que facedes? Que iso é do Concello!

-Pois se non o arranxa ninguén, teremos que arranxalo nós!

María Victoria díxolle tal, e seguiu coa poda.

ULISES

"Como a choiva que paseniño enchoupaba as pedras douradas e as ía volvendo grises, así tamén as súas palabras se foron coando no corpo e na alma"

María Victoria Moreno
Onde o aire non era brisa

CAPÍTULO XIX
O ESCALÓN DE ULISES

Foi nun deses paseos por Campolongo con Alma onde María Victoria coñeceu a **Sara Estévez**. Tería daquela oito anos. Atopouna chorando porque o seu can *Yacky* morrera. Unha nena do barrio que choraba e por un can? O vencello foi inmediato e total.

"Preguntoume que me pasaba e cando llo contei, díxome:

-Non te preocupes. Podes pasear comigo a Alma.

E desde aquela paseei con ela. María Victoria baixaba sempre á mesma hora, eu estábaa agardando e xuntas iamos onde Merce, Paco, Concha... Para min era alucinante estar no medio de tanta xente adulta escoitando o que falaban".

Axiña se sumaban ao paseo Dani, Adrián, David, Carla... un feixe de criaturas do barrio ás que María Victoria convidaba a lambetadas no quiosco de Ernesto. Cadaquén podía elixir o que quixese: goma de mascar, regalicia, xeado...

"A ela encantábanlle aquelas barriñas de xeo, os *Flash*, e no verán sempre tomaba un. Ela pedía iso e o resto elixiamos".

Esa é unha escena que se mantivo con forza nas lembranzas da veciñanza: María Victoria cal *Frautista de Hamelin* abrindo con Alma un desfile de rapazada presta a pedirlle lambetadas a Ernesto. Sen embargo, detrás desa imaxe había moito máis. Na comitiva o recordo que se gardou con máis cariño estaba alén do quiosco, nun banzo no que as criaturas sentaban arredor de María Victoria para que cada día lles fose contando un novo anaquiño da historia de Ulises.

Nada a pode definir mellor. Baixo a foto fixa dese recordo, gárdanse tantas cousas... Gárdase unha mestra á que lle gustaba tanto ensinar, sobre todo literatura, que ata o facía no tempo do lecer, e que tiña unha capacidade de comunicación tan máxica que era quen de engaiolar a criaturas de apenas dez anos coas aventuras do heroe grego. Así, cada tarde, Penélopes de trenza e pantalón curto agardaban por ela fieis e marchaban co devezo de que ao día seguinte se tecesen novas historias.

"Os meus sobriños, que teñen máis ou menos a miña idade, sempre agardaban a que chegásemos a ese tramo que ela chamaba *O escalón de Ulises*, para saber como seguía a historia. Sentaba alí, púñase a contar e alucinabamos".

María Victoria tanto debullaba os clásicos como argallaba un relato das cousas do día a día: da árbore do parque ou de como era que nacían as cebolas para convencer a Sara, que sempre dicía que non lle sabían ben, de que tiña que comelas.

"Falaba con tanta paixón que acababan gustándoche... Aínda hoxe preparo a súa receita de espaguetes con nata, tomate e polo. Ao primeiro non me gustaba o tomate pero ela contoume como nacía a planta, o cariño con que o tiñas que cociñar para que saíse rico e fixo que o acabase tomando".

Sara irrompeu con forza na vida e nos afectos de María Victoria. Tanto que a incluíu no club de netas que daquela formaban as fillas dos *Titos*: Nadia, Yoli, Lara e como cota masculina lago, o pequeno de Rosi e Manolo. Ata lle acondicionou o cuarto que Begoña deixara libre cando formalizara con Jaime Feijóo, aquel rapaz calado que ía á casa porque era amigo de Carlos, unha relación que si contou co total beneplácito de María Victoria. Aínda máis: Que a fixo moi feliz.

E ata o cuarto lle parecía marabilloso á neta postiza. Todo o que facía María Victoria llo parecía:

"Eu sempre dicía na casa:

-As súas sabas olen a rosas!

Porque cheiraban xenial. E a miña irmá maior veña a preguntarlle que era o que lle botaba á roupa, que eu non facía máis que falar do ben que ulía".

Como nunca quitaba os zapatos de mestra nalgunha das veces que Sara comeu na súa casa, aproveitou para axudarlle co francés, que non se lle daba moi ben, e aínda hoxe recita de carreira e con boa pronunciación a frase ensaiada unha e outra vez nas comidas coa avoa postiza: *"Je mange tous les dimanches chez ma grand-mère et nous parlons en français"*[2].

E como coas súas propias alumnas, as lecciónes ían máis alá da materia da aula:

"Un día levoume a ver un eclipse total de sol. Collera recortes de revistas nas que falaban dos eclipses e trouxéramos, aínda os teño na casa. Ademais mercárame un cristal de soldador e fomos velo xuntas a Campolongo. Estando alí díxome que tiñamos que lembrar ese día porque cando houbese outro eclipse coma ese, ela xa non ía estar comigo. Tiven moita sorte de atopala, foi moi enriquecedor".

[2] "Eu como todos os domingos na casa da miña avoa e falamos en francés"

Outro día foron xuntas ao cemiterio, poñerlle flores a José Luís. Sara dixo que ese sitio non lle gustaba e María Victoria contestoulle que tería que volver cando ela xa non estivese. A nena botouse a chorar desconsolada.

Aínda hoxe non foi quen de cumprirlle a encarga.

"-E pódese inventar un mundo bonito?

-Si- díxenlle eu"

María Victoria Moreno
A festa no faiado

CAPÍTULO XX
PEGADAS

O que máis uniu a Sara con María Victoria foi a compartida paixón cara aos animais. Como na casa non lle deixaban ter un can, a súa avoa postiza mercoulle un cachorro que deixaron quedar no seu piso pero que a nena sacaba a pasear. Puxéronlle Blas Nicolás, aínda que todo o mundo acaboulle chamando Nico ou Coco. Era moi medroso e moi tranquilo en comparación coa bulebule de Alma, mais acabaron namorando. Cando tiveron a primeira camada, María Victoria animou a Sara a asistir ao parto.

"Díxome:

-Tes que vir cando Alma dea a luz porque éche unha cousa moi bonita e tes que estar presente.

Quedei abraiada vendo como a cadela se ocupaba de todo. Un dos cachorros choraba e ela ía con el na boca por toda a casa. Eu estaba alucinada pero encantada".

María Victoria mirou moito a quen darlle os cans da súa Alma. A súa alumna Ana del Valle foi unha das elixidas. "Preguntou na clase quen quería un dos cachorros e entre a xente que levantou a man, ela escolleu. A min deume un macho ao que en lembranza da súa estadía en Barcelona bautizara como *Esclat d'abril*[3]*Jordi*. E foi como unha premonición porque logo eu estiven un tempo vivindo en Cataluña".

Un verán, estando Sara cunha amiga de vacacións nunha aldea de Ourense, atopou un can abandonado e como a nai da súa amiga non llo deixaba meter na casa, chamou a María Victoria. Ela colleu un *spray* para os parasitos, a *Teresita* e plantouse alá. "O can era tipo lobo. Ata teño dúbidas de se non sería un cruce cun lobo porque naquela aldea remota... María Victoria chegou, botoulle o líquido contra os parasitos, meteuno no coche e viñémonos de volta. Quedou con el a sogra da miña irmá e chamámoslle Rex".

Avoa e neta postiza formaban a patrulla en defensa dos animais e cando eran as corridas de touros, alá ían as dúas e mais Begoña pegar por todo Pontevedra panfletos antitaurinos, tal e como lembran *os Titos*: "Fixo manifestacións contra os touros todos os anos. Ían polas noites facer pegadas. Como os toureiros durmían no *Galicia Palace* os primeiros púñanos nas farolas de diante do hotel. Logo ían onde os carteis que anunciaban as corridas e pegábanlles por riba frases en defensa dos animais que ela sacaba do *Quijote* e outros libros".

Sara explica que o *modus operandi* do comando antitaurino era o seguinte: María Victoria conducía a *Teresita* na noite e Begoña e ela baixaban a pegar os carteis: "Agora pode parecer algo moi normal pero naquela época non era tan doado atopar unha persoa que amosase ese amor polos animais", defende a máis nova das activistas.

O certo é que María Victoria sempre foi unha persoa moi implicada co mundo no que lle tocou vivir e amosou o seu apoio a outras

[3] Estalido de abril, en catalán

reivindicacións de principios do novo século como o *Non á guerra* ou a mobilización iniciada tras o afundimento do *Prestige*. No *Teresita*, que agora conduce Begoña, aínda loce un adhesivo de *Nunca Máis* que ela lle puxera. "Mandáronmo quitar nunha revisión da ITV e díxenlles que baixo ningún concepto".

A filla de María Victoria aínda lembra como en 2003 a súa nai rematou antes de tempo unha charla sobre un dos seus libros, para asistir a unha manifestación convocada en protesta pola xestión da crise do petroleiro: "Díxolle ao público que non sabía que o acto coincidiría coa protesta e que ela pensaba que todo o mundo debería asistir. Alí marchamos todos para a manifestación de *Nunca Máis*".

Nenuca e Tito tamén lembran como María Victoria empregou máis dunha vez aquel pseudónimo co que concorría a concursos literarios, Peregrina Pérez, para publicar en prensa artigos sobre temas controvertidos.

"Empezou con Peregrina, no senso de estar sempre pedindo algo, en peregrinación. Pero dicía que Peregrina nada máis non podía ser e decidiu poñerlle apelido". Foi así como na *Libraría Seijas* naceu Peregrina Pérez.

"Non viches que Pontevedra está máis bonita? Iso é porque os meus alumnos xa son maiores"

María Victoria Moreno
Entrevista de María Varela en Diario de Pontevedra

CAPÍTULO XXI
FACENDO BARRIO

Peregrina Pérez érache un pseudónimo ben acaído para unha muller que adoraba a cidade onde ía vivir a maior parte da súa historia. Begoña Llácer conta que a súa nai facía a vida en círculos: "Sempre dicía que unha persoa tiña que mercar no seu barrio, e se alí non atopaba algunha cousa, tiña que buscala noutra zona da súa cidade. Só entón, cando non atopas nada en todo o concello, é cando saes de Pontevedra. A ela ir ao *Corte Inglés* parecíalle o peor que se podía facer, unha traizón á cidade".

A Sara Estévez transmitiulle a mesma filosofía: "Ela adoraba o seu barrio. Encantáballe a xente, dicía por exemplo que as rapazas do súper eran todas marabillosas, e tamén lle encantaba a rúa, repetía sempre que non marcharía a vivir a ningún outro sitio do mundo. Eu preguntábame por qué, porque a min parecíame unha rúa como todas, pero a ela encantáballe".

Nenuca e Tito explican que o que realmente lle gustaba a María Victoria era facer barrio, parar en cada esquina a saudar ás amizades, a alumnas de todos os tempos, as familias das alumnas...: "Nos organizabamos ceas por aí pero axiña nos demos conta de

que a ela o que lle gustaba era facer cousas en Pontevedra, que aquí era onde se sentía máis a gusto. Cada vez que dabamos un paseo falaba con todo o mundo. María Victoria era unha fervente defensora da peonalización das rúas porque lle permitía facer esa vida que a ela lle gustaba".

Antes desa mellora era máis complicado: "Cando nós abrimos a libraría era completamente distinto porque as beirarrúas eran de terra e non había iluminación. Chegabas á ponte e era como a boca do lobo. Os coches circulaban en ambas direccións, non deixabamos ás nenas cruzar nin de broma, saír á rúa era case un perigo, había postes polo medio, un horror".

Por iso María Victoria recoñeceu publicamente o seu apoio a ese xeito de ver a cidade como lugar de encontro, cando no 2003 foi elixida pregoeira da Feira do Libro:

"Digo que amo a Miguel Anxo

porque cumpriu a tarefa

de facer das nosas rúas

gratos lugares de leria,

de paseos e de encontros,

de lecer e convivencia.

No adentro das nosas casas

el non tiña competencia

para facernos felices

nin resolve-los problemas.

Máis de porta a fóra deunos

fontes, bancos e palmeiras

que fan que a ledicia medre

e que esquezámo-las penas."[4]

[4] O texto completo do pregón está recollido na escolma *Elexías da luz*.

Tamén á súa cidade gustáballe ela, e mimouna, sobre todo na súa faceta de escritora. María Victoria Moreno era un referente ineludíbel tanto na Feira como no *Salón do Libro Infantil e Xuvenil*, no que participou desde a primeira edición, en 1999. Tamén na programación de animación á lectura, *Abril de libros*, que ía desde o 2 de abril, Día internacional do Libro Infantil, ata o 23, Día do Libro. O seu programa incluía unha recepción por parte do alcalde Miguel Ánxo Fernández Lores á xente do mundo da literatura, e ela estaba sempre convidada.

Mais cando quitaba o traxe de escritora, volvía ao barrio e tras parar en *Seijas*, ía facer a compra no súper de sempre, onde tan ben a trataban as empregadas, e logo pasaba pola clínica veterinaria *Noso can* a botar unha laretada con Salvador e Manolo.

E sendo xa un referente na literatura galega, moita xente da súa contorna non soubo que escribía libros ata que *Seijas* cambiou os manuais de caldeirería por libros de narrativa, poesía e contos e dedicou máis dun escaparate ás obras da amiga ou aos premios que foron recibindo *Anagnórise* ou *Guedellas de seda e liño*. "Ela ía cos rapaces por Campolongo e paraba coas veciñas, pero a maioría non tiñan nin idea de que era escritora nin tampouco sabían quen era ese tal Alonso Montero que a agardaba na libraría para ir dar un paseo con Alma".

"As persoas estamos feitas para chegar á perfección amando e sendo amadas"

María Victoria Moreno
Anagnórise

CAPÍTULO XXII
O ORTO DOS SOLES

Habería veciñas do barrio que non a coñecesen, mais os libros de María Victoria estaban espallados por moitos países e foran traducidos a moitos idiomas. Por iso houbo un *Leonardo y los fontaneros* con Antón falando perfecto español, que chegou a Cuba, non se sabe moi ben como. Pode que o mandase a Xunta nunha desas feiras que organizaba para dar a coñecer a literatura feita en Galiza no resto do mundo, a saber, pero o caso é que o exemplar chegou á Habana, ao garaxe de **Pedro Ferriol,** un capitán de barco retirado que devoraba libros e mesmo argallaba as súas propias historias. Encantoulle. Conta que quedou tan abraiado coa ollada pícara do neno e a tristeza que había na do can da rúa, que decidiu escribirlle á autora. Pero como non tiña o enderezo mandoulle o sobre coas gabanzas á editorial, SM, dentro dun paquete cunha nota na que pregaba que llo fixesen chegar a María Victoria.

"Facía moito que non lía literatura infantil e xuvenil pero como non tiña outra cousa, collino. Quedei fascinado coa historia, coas lecciónes de vida, honestidade, amizade e lealdade que transmitía. Foi un impacto e ao mes e medio decidinme a escribirlle". Era xullo de 2002. Por aquela época a natural autoestima de María

Victoria vírase loxicamente afectada por un durísimo proceso de recuperación dun cancro de mama detectado cinco anos atrás, nun terríbel 1997 que lle pegou a cruel labazada cando aínda lambía as feridas da recente viuvez e o incremento da soidade provocado pola estadía da filla en Salamanca. Cinco anos despois, o cancro estaba superado, pero a dor e o tratamento aliáronse para modificar o seu aspecto, batendo no seu gustarse ata facerlle gretas. No libro *Diario da luz e a sombra*, no que relata o proceso da enfermidade, conta que por iso demorou a resposta á carta, aínda que daquela non sabía o moito que lle ía importar o parecer de Pedro. Mesmo pensou en non contestarlle pero a súa filla animouna.

"Begoña díxolle:

-Mamá! Que este pobre home está gabando o libro desde o outro lado do océano Atlántico... Tes que contestarlle!

E aínda que tiña dúbidas, finalmente escribiume".

Iniciouse así un intercambio de cartas, nas que ela lle falaba, sobre todo, da súa filla, da paixón polo ensino e da súa tristura pola súa pre xubilación, que chegara o 1 de setembro dese ano, empurrada polo deterioro que na súa saúde provocou a enfermidade.

Axiña chegaron tamén as chamadas. "Era nos inicios dos módem e lembro que chamabas por teléfono á casa de María Victoria e escoitabas o ruidiño aquel tan característico: Xa está falando con Pedro!", lembra a alumna do *Torrente* que acabou sendo boa amiga, Ana del Valle.

Daquela a comunicación con Cuba non era doada, tal e como explica Isa Rodríguez: "Con Pedro falaba a determinadas horas porque alá non era fácil. María Victoria xuntaba euros, coma cando eu tiña vinte anos e xuntaba pesos para chamar pola cabina, e telefonaba á hora que el podía falar desde Cuba. Pedro tiña que desprazarse ata un locutorio que estaba bastante afastado da súa casa e ela ía de noite á cabina da rúa para que lles coincidisen os horarios e poder falar sen espertar a ninguén".

Cartas e conversas evidenciaron axiña que tiñan moito en común. Pedro tamén era un apaixonado da literatura, e mesmo escribira no seu tempo mozo. Logo, as obrigacións de capitán daquel barco co que percorrera medio mundo afastárano da escrita, pero como facía María Victoria coas bolboretas ou as elefantiñas do pixama de Begoña, el tamén usaba as horas mortas da viaxe de volta á Habana para fabular historias que logo lle contaba ao seu fillo Pedro, á súa filla Delita, e a todas as criaturas do barrio que, a falta de *escalón de Ulises,* se xuntasen arredor da súa porta. O raro sería que non namoraran. O 1 de xaneiro de 2003 declaráronse. "Fixémolo, cousas nosas, non sei... cun poema. Ela cun soneto. Eu cun poema de amor de versos libres. Así nos declaramos nós".

Pides amor, mi amor, y amor te doy,

amor de mi silencio y de mi espera,

amor, cosecha y flor de sementera

que por tu voz cultivo desde hoy.

Yo no puedo ser más que quien yo soy,

pero soy toda tuya: alma sincera

que camina hacia un mar que en su ribera,

insomne, acuna el barco en que me voy.

Me voy, cielo adelante, hacia ese puerto

en el que nace el sol que me regalas

y se evade la tarde entre arreboles.

Me voy contigo, amor, de este desierto:

cógeme de la mano, dame alas...

¡Llegaremos al orto de los soles!

Ela escribiulle o soneto e para saber se a pel coincidía co sentimento, argallaron unha estadía temporal de Pedro en Pontevedra. Pero era

a España de Aznar e a pesar de que era neto dun asturiano, non lle deron nin visado de turista, así que María Victoria propúxolle facer ela a viaxe inversa, e moito máis:

"Chamoume, díxenlle que non me deixaban viaxar e soltou a bomba:

-E se vou eu e casamos alá?

Quedei coa boca aberta.

-Se non nos coñecemos...

Mandarámonos cartas, fotos, poemas, pero non esperaba que me falase de matrimonio antes de estar comigo".

Ela era así, decidida, tal e como explica Ana del Valle: "Era desas persoas que cando tiñan algo claro, intentaba conseguilo. Pode sorprender pero ela facíao e quedaba tan tranquila".

Fora naquel tempo cando forxara a súa fonda amizade con Isa Rodríguez, que chegara ao instituto a impartir Francés. María Victoria adoraba tanto a lingua como a cultura do país veciño e ademais, Isa era veciña do barrio. Axiña decidiu acollela baixo a súa ala protectora sen saber que na aperta ficaba o seu propio acubillo. Foi unha das súas principais cómplices na aventura de Cuba:

"Foi unha valentía moi grande, naquel tempo, nunha cidade como Pontevedra e coa súa idade, volver ter parella. Pero ela era distinta a calquera outro ser humano. Sabía que era o seu momento, o dela e o de Pedro, e que aínda que ía ter que pelexar de narices, ía saírlle ben. Dicía que non tiña idade para andar con parvadas e atreveuse".

Non todo o mundo o entendeu. A decisión de viaxar dividiu o equipo dos afectos. Isa, Ana, Merce, Mari Carmen e Begoña votaron a favor, pero Mari, Pilar e sobre todo *os Titos* tiñan medo. Parecíalles unha tolemia que fixese máis de sete mil quilómetros ela soa para encontrarse cun home ao que nin sequera coñecía en persoa.

Foi entón cando María Victoria sacou unha das súas habilidades, a de pintar o mundo dunha cor do seu gusto, e coa complicidade de Begoña construíu un relato máis facilmente aceptábel.

Pedro contáralle que anos atrás estivera en Ferrol un mes, durante a reparación dun dos seus barcos, e ela, que tamén viaxara a esa cidade para dar unha conferencia, argallou que coincidiran nunha cea e que repararan o un no outro mais non xurdira nada porque ela estaba casada. Tal coincidencia en Ferrol era imposíbel porque nin sequera estiveran no mesmo ano, porén María Victoria mesmo mantivo a historia de que si se coñecían, no seu libro máis autobiográfico, *Diario da luz e a sombra*, sobre todo coa intención de protexer a Pedro de calquera hostilidade.

Co tempo, cando el xa vivía en Pontevedra, escribiron a medias o borrador dunha novela baseándose nesa historia inventada. Os protagonistas coñecíanse en Ferrol, pasaban uns días xuntos e ela ficaba embarazada, decatándose do seu estado cando o barco del xa marchara. A partir de aí, a ficción mestúrase coa realidade: Volven encontrarse grazas á casualidade de que o mariño atope no garaxe un exemplar do libro da escritora e cando viaxa a España, ela acode a recibilo coa filla.

O recibimento foi así. María Victoria foi recoller a Pedro, cando por fin puido viaxar a España, acompañada por Begoña. Só que na novela, cal anagnórise, a nena resultaba ser o froito daquel encontro furtivo. Probabelmente era un reflexo do seu desexo de tela tido no ventre, como se fose posíbel lazo máis forte do que sempre as uniu.

En maio de 2003, e a pesar das súas reticencias a viaxar en avión, María Victoria Moreno realizou o traxecto a Cuba que o seu Leonardo emprendera moitos meses antes, aínda Pedro non sabe como: "Eu preguntei na miña casa, aos meus pais, á miña irmá, quen puxera ese libro no garaxe, e ninguén tiña nin idea de como fora parar aí. Cando llo dixen a María Victoria, contestoume:

-Como o van saber? Mandeicho eu por unha gaivota mariñeira..."

"Sempre xuntos andabamos e así nos vía todo o mundo. 'Pan con chocolate' por ser eu tan branca e ti tan moreno e por sermos inseparables"

María Victoria Moreno
Pan con chocolate

CAPÍTULO XXIII
PAN CON CHOCOLATE

"Eles falaran moito, horas e horas, por correo e por teléfono, sabían a idade que o outro tiña, o que quería, pero creo que para ela foi unha sorpresa moi agradábel cando viu que Pedro era un señor con moi boa planta". Isa Rodríguez comparte a confidencia da súa amiga e compañeira, como portadora dun agasallo póstumo de amor a Pedro. El constata a reciprocidade. "A expectativa cumpriuse. A impresión foi moi favorábel por moitas razóns aínda que eu xa estaba namorado. Unha das cousas que me namorou, ademais do seu carácter, foi a súa voz. A forma en que me falaba por teléfono. Fose como fose ela, para min igual ía estar ben".

María Victoria Moreno casou con Pedro Ferriol, que levaba tempo separado, ás setenta e dúas horas de pousar o seu avión no aeroporto José Martí. O 13 de maio do 2003.

"A miña nai viviu a vida ao revés. Cando era moza foi máis cabal e namorou de alguén que a necesitaba, alguén que tiña que coidar con ese amor católico que lle inculcaran. O meu pai e ela conxeniaron perfectamente e fixeron un tándem complementario,

pero Pedro foi diferente. Pedro foi a paixón, o amor de mocidade que a ela lle veu na madurez".

A estadía en Cuba foi marabillosa. "Desde que puxo un pé na miña casa foi como se vivise alí toda a vida. Desde o primeiro momento comportámonos como un matrimonio. Fomos buscala no *Moskvitch* dun veciño e no traxecto á casa iamos os dous no asento de atrás, collidos da man. Xa non nos soltamos máis. Chegamos ás sete, ceou, conversou moitísimo no salón coa miña familia e logo pasamos a nosa primeira noite xuntos. Ao día seguinte xa andaba por alí en camisón. Sentíase como na súa propia casa".

Tanto é así que coa mestura dos trazos servicial e testán do seu carácter, María Victoria intentou, nada máis chegar, que a súa sogra desbotase o uso da baeta para fregar o chan por unha cómoda fregona que foi mercar á rúa Obispo, na zona comercial da Habana. Non tivo moito éxito. "En Cuba ponse unha baeta mollada nun pau e logo de pasala polo chan, escórrese coa man. María Victoria quería ensinarlles que a fregona era moito máis hixiénica e fíxolles unha demostración de como se usaba. A miña familia non quedou convencida e seguiu coa baeta, pero ela negouse a renderse: de cando en vez pasaba a fregona para que visen que era máis doado e o chan quedaba perfecto".

Tamén intentou que a deixasen conducir o *Moskvitch* co que a foran buscar ao aeroporto pero desistiu porque lle teimaron que a circulación en Cuba era moi caótica e podía resultar perigoso.

Conducir era outra das súas grandes paixóns e quizais por iso reflectiu a súa destreza ao volante en Xulia Andrade, o seu *alter ego* en *Anagnórise*, aproveitando para defender, tamén nisto, a igualdade entre homes e mulleres en parágrafos coma este:

-O que eu quería dicir é que non era muller.

-¿Por qué tiña que selo?

-Porque as mulleres, xa se sabe...

-Xa se sabe, xa se sabe... As mulleres -apón ela incómoda- son persoas coma as demais.

-Pero para conducir...

-Para conducir e para todo.

Non foi o único libro con postulados feministas. *Mar adiante* foi unha obra pioneira en darlle protagonismo a unha nena cando naquel tempo eran os varóns os que vivían a maioría das historias infantís, mais a súa visión de feminismo era moi concreta, como explica a súa compañeira de claustro Isa Fernández, con quen tivo varias discusións ao respecto: "Ela non cría que a muller tivese que estar loitando sempre para conseguir o mesmo ca un home. Defendía que unha muller intelixente vale o mesmo que un home intelixente e punto. Que ían recoñecerllo igual. E eu non estaba de acordo. Eu dicíalle que aínda que unha muller intelixente teña o mesmo valor ca un home, ela ten que loitar día a día como unha energúmena para que llo recoñezan. A María Victoria non lle gustaba que nesa loita unha muller adoptase actitudes masculinas no seu comportamento. Parecíalle que era pagar un prezo moi alto. E eu non o vía así. Logo un día, cando ela xa non estaba, vin un documental sobre Margarithe Yourcenar e lembrei esa discusión nosa. O que ela opinaba sobre feminismo era exactamente o que opinaba Yourcenar".

"Alcores de Donalvar ten mil casas, é dicir, ten mil homes silenciosos, cuxas mans loitan coa terra e coa pedra. Ten mil mulleres renegridas como codias de pan de centeo e macilentas como as rachadelas da roupa triste. Ten rapaces para todos os niños, para todos os cans, para todas as pozas... Ten vellos para todas as sombras, para todos os bancos, para todos os aires..."

María Victoria Moreno
Onde o aire non era brisa

CAPÍTULO XXIV
ONDE O AIRE NON ERA BRISA

Durante a estadía en Cuba, María Victoria participou nos Comités de Defensa da Revolución, que eran quendas nocturnas que facía a cidadanía partidaria do réxime castrista para vixiar que non houbese atentados desestabilizadores. O pai de Pedro, que se chamaba coma el, era o presidente dun deses comités e ela realizou unha das quendas co seu xa esposo.

Nada que fose contrario á tendencia política dunha María Victoria que consideraba mentor ao comunista Xesús Alonso Montero e á que lle sacaron o pasaporte por participar en actividades do, para o réxime franquista, subversivo Ateneo de Ourense. Ou dunha María Victoria que chegou a formar parte, en 1987, da candidatura do PSG-EG ás eleccións municipais que encabezaba Vicente García Legísima, e que xa durante o mandato de Miguel Anxo Fernández Lores, ao que gabou publicamente, apoiou aquelas mobilizacións encabezadas polos *Titos* a través da *Plataforma pola calidade de vida*, en favor das obras de peonalización e en contra do movemento veciñal que, baixo o lema *El Bloque nos bloquea*, se opuña á limitación do tráfico rodado pola cidade.

"Hai uns versos do apóstolo cubano José Martí que din: *'Con los pobres de la tierra quiero yo mi suerte echar'* e María Victoria sempre dixo que se vía moi reflectida neles, mesmo usou esa frase nalgunha das súas conferencias. Foi unha das cousas que máis me chamou a atención dela: a súa sinxeleza e a súa identificación coas clases máis humildes", conta Pedro.

Así e todo, a afinidade de María Victoria coa esquerda pode resultar chocante se temos en conta que era neta de Antonio Márquez García-Ortiz, coronel do Cuartel da Montaña contrario á II República, quen, segundo o seu neto Rafa Moreno, xa fora depurado durante a reforma de Manuel Azaña e que foi asasinado o 21 de xullo de 1936. Rematara de comer cando foi sacado da súa casa de Madrid por un grupo de milicianos que, tras asasinalo, queimaron o seu corpo, logo recoñecido polo cura grazas ao anel de voda. A súa viúva e as fillas, entre elas Sara Márquez, a nai de María Victoria, puideron viaxar nun barco da Cruz Vermella inglesa desde o porto de Valencia ata Marsella grazas á intervención dun irmán do asasinado, que era republicano, e logo cruzaron os Pireneos para entrar na España en mans dos golpistas. Conta Begoña que a súa avoa Sara sentiuse tan maltratada naquela breve experiencia no exilio que nunca máis volveu falar francés, pero iso si, mantivo sempre a súa lealdade cara ao réxime de Franco e, como contaba Rafa, educou á súa descendencia de acordo cunha clara ideoloxía de dereitas e católica.

A súa afinidade co franquismo impediu que fose depurada como pasou coas mestras que apoiaban os métodos educativos da II República, e posibilitou que lograse bolsas de estudo para que tanto os seus fillos Antonio e Rafa como as súas fillas María Victoria e Sara puidesen seguir formándose tras a prematura morte do pai en 1949 cando a escritora, que era a primoxénita, tiña dez anos. Ese feito puido influír na visión que tiña do feminismo porque, segundo explica Rafa, na súa casa as oportunidades foran as mesmas para rapaces e rapazas, non fixo falla loita ningunha: "A pesar do tradicional da educación, a miña nai nunca fixo distinción por sexos. As miñas dúas irmás tiveron as mesmas posibilidades ca nós. Os catro temos carreira a pesar de que a miña nai, como

mestra, non gañaba nin para comer. Ela buscou bolsas de estudo e educounos a todos igual. Ademais, tampouco ninguén fixo nada distinto por ser home ou por ser muller. Se había que limpar a casa, limpabamos entre todos".

O caso é que esas bolsas de Sara Márquez levaron a María Victoria a unha residencia da *Sección Feminina* e aínda que nos albores da década dos 60 xa se iniciaba o movemento estudantil, Rafa non ten constancia de que a súa irmá participase activamente. Todo estaba encamiñado á que asumise unha ideoloxía de dereitas e, sen embargo, sempre viviu vinculada á esquerda. Disolvéronlle clases, quitáronlle o pasaporte e, cando morreu Franco, pediulle ao cura de Seixo, amigo dela, que a agochase durante un tempo. Logo, co 23F, pechouse na casa porque segundo explica a súa filla aparecía nas listas dos golpistas.

Sempre foi moi crítica coa ditadura. Quedou reflectido no seu conto *O Cataventos* e amosouno ela participando algún ano na ofrenda floral que cada 12 de novembro realiza Pontevedra en homenaxe a dez destacados republicanos fusilados nesa data pola súa defensa do Goberno Civil nos momentos posteriores ao golpe de Estado.

Coa chegada da súa nai a Galiza, na casa de María Victoria non faltaron as discusións, sobre todo entre Sara Márquez e José Luís Llácer, que era fillo dun mestre represaliado polos franquistas. Descoñécese se o seu home influíu en que ela adoptase unha ideoloxía contraria a aquela na que fora educada, ou se foi simplemente consecuencia da súa conciencia de clase e da súa loita contra a inxustiza, xa reflectida na súa primeira obra *Alcores de Donalvar*, (publicada en galego baixo o título *Onde o aire non era brisa*), todo un canto contra o caciquismo. O que está claro é que María Victoria non soportaba a desigualdade e mesmo a súa aposta polo galego tiña moito que ver co seu apoio ás clases máis desfavorecidas, tal e como lle contou á xornalista María Varela nunha entrevista publicada nos albores deste século en *Diario de Pontevedra*: "O galego era a palabra dos pobres, dos mariñeiros, dos labregos... Nas escolas, os nenos que falaban galego eran humillados constantemente e ata pagaban multas. Daquela

comprometinme afectiva e socialmente a axudar a esta xente a defender a súa lingua". Para ela defender o galego era tamén, e ademais, defender ás clases máis desfavorecidas. E non soportaba o clasismo. Pilar Álvarez aínda lembra como María Victoria lle afeou en clase a conduta a unhas alumnas que de xeito despectivo usaron o apelativo "As Churreiras" para referirse ás fillas do dono da churreiría:

"María Victoria deu un golpe na mesa e dixo:

-Aquí non se cualifica a ninguén pola profesión do seu pai. Cada quen é o que é por si mesma e na miña clase non vou consentir este tipo de comentarios. Nada de churreiras nin de peixeiras, que son dúas profesións moi honestas, pero que non son os nomes das vosas compañeiras".

Xa o dicía Tino, o mariñeiro amigo das estrelas do *Arroás*, o barco escola de *Mar adiante*: *Os vagalumes coidan que son moi importantes, que son moi fermosos, que o saben todo... E non se decatan de que ninguén é máis importante, nin* máis fermoso, nin máis sabio cós *demais.*

"Referíame agora á unión dos espíritos, á posibilidade de que todas as arelas e todas as inquedanzas dunha persoa atopen o seu termo na comunicación con outra"

María Victoria Moreno
Anagnórise

CAPÍTULO XXV
PIPO

A previsión era que María Victoria permanecese en Cuba quince días mentres arranxaban no consulado os papeis para que Pedro puidese viaxar a España, pero tivo que ampliar a estadía a un mes e aínda así regresou "soa e abatida", porque a Pedro non lle deron o permiso. "Podían terlle tramitado a entrada en España como neto dun asturiano pero a miña nai non quixo, ela quería que Pedro entrase como o seu marido", lembra Begoña. Non lograron arranxalo ata o 6 de outubro, case cinco meses despois da voda "e porque María Victoria volveu tolo ao Cónsul Xeral da Habana. Empezou a mandarlle *fax*, semana tras semana:

-Mire que nós temos moitos proxectos, mire que nós querémonos moito...

E eu penso que o pobre cónsul á fin dixo: 'A única forma de que esta muller me deixe tranquilo é darlle a este home o permiso e que vaia para España, xa!' Creo que me deu autorización porque estaba canso", chancea Pedro. "Non facía máis que pedir que deixasen viaxar ao seu *Gigantón*, como ela me chamaba pola altura".

Unha vez en Pontevedra, María Victoria fíxoo receptor da súa infinita capacidade de dar: "Sentinme moi querido e desde o principio tivo comigo moitos detalles, moitos. Por exemplo, cando cheguei, no armario da cociña había un adhesivo que puña *Pipo*, que é como me di toda a miña familia. Na miña casa chegamos a vivir tres xeracións de Pedro e entón a min, a miña nai, a miña irmá e os meus sobriños dinme *Pipo*. E ela colocoume aquel adhesivo alí, para que me sentise na casa".

Non só o seu nome estaba presente na cociña, desde a súa chegada, os menús estaban centrados nas gustos de Pedro e as variacións eran máis ben escasas.

Cóntano Isa, Merce, Begoña... é unha chanza constante. Desde que el chegou, naquela casa non se comía máis que arroz ou filete ben pasado con patacas fritas. Non probaba outra cousa.

"Lembro que, se cadra, estabamos tomando un café e María Victoria dicíame:

-Marcho, que é a hora do arroz.

Ao principio a pobre matábase mercándolle a Pedro o mellor peixe do mercado ou outras cousiñas ricas pero non servía de nada, el só tomaba arroz", di Isa Rodríguez.

Pouco a pouco, a tortilla e o polbo foron entrando no menú, mais só porque ir de tapas foi un dos costumes, xunto coa sesta, que máis lle gustou adoptar a Pedro. Aínda así, ensinoulle a María Victoria receitas cubanas como o *picadillo* ou a banana fritida, e empezaron a facelo todo a medias. Sobre todo escribir.

Se María Victoria logrou que Mari Carmen saíse da cama para ilustrar o seu libro *Leonardo e os fontaneiros*, que a súa consogra, Mari Fernández, desafogase a dor pola perda dos seus fillos na poesía ou que Begoña lograse gañar a vida coa súa destreza coas mans, como non ía conseguir que Pedro retomase a súa paixón pola escrita?

Estando aínda en Cuba, naquelas *mecedoras* nas que acostumaban sentarse os dous logo da cea mentres a familia Ferriol miraba o televisor, el contoulle aquel costume seu de levar na arribada historias que narrar a Delia e Pedrito, nacidas no traxecto desde o último porto e imposibilitadas de sucar o papel polas obrigas do caderno de bitácora. E aos dous ou tres días, tras pedirlle ela que lle contase algunha desas historias, instouno:

-De todo isto podes facer unha novela. Colle unha viaxe das tantas que tes feito, imaxina un diario e vai introducindo nel todos eses contos que inventaches.

A conversa quedou na mente como as historias ideadas en proa e cando María Victoria xa estaba de volta en Galiza, el anuncioulle nunha chamada de teléfono:

-Estouna escribindo...

Pedro collera o traxecto que fixera da Habana a Xapón durante seis meses e en cada porto real fora introducindo as historias inventadas ás crianzas: En Vietnam, os mariñeiros atopaban un can que acabaría como mascota do primeiro oficial do barco, protagonista do conto. En Kampuchea, unha nena achegaríase a el para pedirlle axuda para o seu amigo Tico, que quedara ferido na praia e que resultaría ser unha quenlla cun arpón cravado na boca. E en Xapón descubrirían que a nena era en realidade unha serea que adoptara forma humana para salvar a Tico, tan agradecido pola xesta que acaba facendo co barco a viaxe de volta ata o porto da Habana. E así, cando ía á praia con Pedrito e Delia, Pedro podía avisarlles:

-Mirade, alá está Tico dando voltas arredor do barco.

Diario de una travesía fixo a súa propia viaxe ata Pontevedra. Pedro mandoullo a María Victoria por correo e a ela entusiasmoulle e traduciuno ao galego. Foi así como se pousaron en papel os contos botados ao ar da Habana. E foi a chegada de Pedro a que posibilitou que vise a luz aquel *Alcores de Donalvar* que María Victoria escribira

en 1969. Atopou o manuscrito nun caixón, pediulle permiso para lelo e engaiolado por unha das obras máis comprometidas da súa muller, animouna a presentala a un concurso, igual que ela o instara a escribir o diario dos seus contos. Traballaban así, apoiándose mutuamente, intercambiando pareceres:

-Pedro, por que non pos ao primeiro oficial saudando a Tico desde popa mentres cruzan o canal de Panamá?

-Iso non pode ser, María Victoria. Durante a manobra, o primeiro oficial ten que estar na ponte co capitán e o práctico. Pero pode saudar desde aí...

"Hai un soño que se repite, que volve e volve, noite a noite. Como a mosca teimosa na ferida, como a avelaíña murcha contra a luz, coma os nomes longos e difíciles dos libros..."

María Victoria Moreno
Anagnórise

CAPÍTULO XXVI
AS AMIZADES DOS SOÑOS

Tiñan tantos plans Ferriol e Moreno! Tantos que coa fin do apelido del e o principio do apelido dela bautizaron a sociedade literaria OLMO e baixo esa rúbrica saíron os libros publicados nos anos de matrimonio.

María Victoria deixara de escribir naquel recanto da cociña no que, no tempo en que a casa acollía a tres xeracións, puxera un flexo para poder traballar de mañá, ben cedo, que despois non ía ter outro momento. Agora facíao nun despacho, xunto ao de Pedro, e comentaba con el os textos creados seguindo o método de sempre, que era o de encher axendas de anos xa vividos con borradores das historias que lle contaban os personaxes que a visitaban nos soños. Ela dicía iso, ás amizades e nas entrevistas en prensa: que os protagonistas dos seus libros viñan cando durmía para contarlle o que fixeran, e que ela o escribía ao espertar, con aquela pluma que usaba sempre porque era tan boa que non cometía faltas de ortografía. Facíao pretiño da papeleira, que para iso repetía unha e outra vez, coa retranca asumida na elixida condición de galega, que era unha mágoa que algún escritor non tivese papeleira. Porque ela só escribía cando tiña algo que contar. E logo, cos folios

non desbotados baixaba a *Seijas* para que Tito fixera unha copia... non vaia ser que os relatos dos soños se perdan, coa de amizades que levan dentro.

Porque os libros van cheos dela.

Cando naquel o seu primeiro ano de Filoloxía Española, Lorena Ferreño decidiu facer o traballo sobre María Victoria, obsesionáballe saber se as historias eran autobiográficas, e preguntoullo. María Victoria díxolle que en todos os libros había sempre algo da persoa que os escribía, que sempre había algo de verdade. E no seu caso así era. Xa o di Pedro: "A mellor forma de coñecela é a través do que escribiu".

"Lela é como escoitala. Hai tantas cousas que ma lembran", di Sara Estévez.

Non é só que *O aire non era brisa* recolla a súa teima contra o inxustiza social e o caciquismo, *Mar adiante* a súa visión do ensino, *Anagnórise* a súa complicidade coa mocidade ou *Guedellas* a súa preocupación pola temática da droga. É que ademais, nun paseo pola súa literatura atopas a toda a súa xente querida: As crianzas de Alonso Montero, de Xavier Senín, ou por suposto, dos *Titos*, préstanlle os seus nomes ás protagonistas da súas historias. E en *Guedellas* saen Merce Sarmiento, a dona de Sansón, ou o seu compañeiro de instituto, Carlos Godoy. Mercedes é a compañeira máis boa da clase de Rato Chus, porque María Victoria só vía nela bondade; e Carlos Godoy asume unha profesión pola que sentía moita admiración, como el mesmo conta facendo gala do seu sentido do humor: "María Victoria coñecía a admiración que tanto eu como o meu amigo Luís Tojal tiñamos polo corpo de Bombeiros Voluntarios de Portugal e cando estaba a rematar unha das súas mellores novelas, *Guedellas de seda e liño*, quixo facernos un aceno de complicidade e botarnos un pulo de cara á eternidade literaria, incorporándonos como personaxes da novela. Tiñamos unha intervención curta pero heroica e ademais con frase, que é unha cousa moi apreciada nos medios artísticos. Sitúanos no escenario dun feroz incendio nun barrio marxinal cheo de casopas con 'nenos

farrapentos e asustados que choraban desesperadamente cos ollos desorbitados polo pavor'. Eu, cabo ao mando dun coche de bombeiros, berro con forza:

-Que bonitos son, carallo!

Ao que me responde con optimismo Luís Tojal:

-Imos aló!

E temos unha intervención decisiva cara a evitar unha traxedia, así que me sinto moi gratificado de que pensara en nós para un comportamento tan audaz e aínda agora, cando revivo aquela intervención gloriosa, dubido de se o feito sucedeu de verdade ou é só froito da magnífica prosa de María Victoria. Supoño que co paso do tempo será cada vez máis difícil diferencialo...".

Ese sentido do humor de Carlos foi unha das cousas que forneceu a amizade con María Victoria, que tamén ía ben servida de retranca como apunta Isa Rodríguez, compañeira de ambos no *Torrente Ballester*. "Ela sabía ver o absurdo de todo. O humor axudábaa moito e era unha das cousas polas que eu a quería tanto. Era moito. Pasábalo moi ben con ela, era moi graciosa. E Carlos, o mesmo. Contaba el que un día de verán atopouna pola rúa con Alma e Nico, afogada pola calor, toda despeiteada, cos cans tirando por ela, e díxolle:

-Síntome como *Ben-Hur*.

Esa era María Victoria. A min gústame moito a xente que me fai rir e con ela facía risas a esgalla, sacáballe punta a todo, ata ao lado absurdo da vida. Era sumamente simpática".

Mari Fernández, a consogra, gabábase sempre de que a ela xamais lle meteran unha inocentada o 28 de decembro, pero lembra que un ano, María Victoria chamouna e caeu na trampa:

"-María, sabes o que pasou en Sanidade? Entraron e teñen á xente de refén!

-E agora???

-Xa chamaron á policía, teño que deixarte!

Eu nin caín no día que era. Sanidade está na nosa rúa e de alí a un pouco baixo, chego á farmacia e xusto a dona dille ao empregado:

-Lévalle este pedido a Sanidade.

-Nin se che ocorra que me acaba de chamar María Victoria e pasou isto...

Matáronse a rir!

-Vaia inocentada que che meteu María VIctoria! Hahahaha!

Chameina ao chegar a casa:

-E ti???

-Non dicías que non caías! Vaia se caes!".

María Victoria era unha muller moi sincera, sen filtros, pero quizais con Mari Fernández tivese unha das relacións máis espontáneas de todas. Cando volveu de Cuba tróuxolle unha figura de madeira e aínda a súa amiga lle estaba quitando o papel cando lle oíu:

-Que non che pareza mal pero pegueina, porque cando cha traía para acá rompeu.

Daquela non foi coma co cura, a Mari a confesión sacoulle un sorriso:

"Fíxome graza porque a traía toda empaquetadiña e eu nin me fixara, pero ela xa tivo que amosarmo:

-Mira, rompeu por aquí, ves? e pegueina eu".

A ela o de ficar calada, non lle ía ben. Merce Sarmiento lembra que lle tiña algo de zuna a unha tía súa que fora mestra na ditadura, e cando chegaban as vacacións, como sabía que acostumaba visitar á sobriña, María Victoria tocáballe no interfono:

-Xa está aquí a túa tía?

-Si.

-Pois logo, subo. Así métome un pouco con ela.

Sempre lle sacaba punta a todo. Cando a súa Pili Pilón tiña cita médica ou por calquera cousa non podía abrir á súa hora a libraría, quitáballe o apuro dicindo:

-Non te preocupes, Pili. Quen vai vir ás dez da mañá comprar un libro de Laín Entralgo?

E coa mesma metíalle un *zasca* ao escritor falanxista. O que disfrutaría ela na época do Twitter...

"Dun medo a outro medo, imos dun medo a outro medo caneando pola incerteza"

María Victoria Moreno
Anagnórise

CAPÍTULO XXVII
DIARIO DA LUZ E A SOMBRA

Aínda que cada libro ten algo dela, o único que María Victoria proxectou con carácter autobiográfico foi *Diario da luz e a sombra*, no que relata a súa experiencia como enferma de cancro. Un libro que nunca quixo escribir. "A miña nai dicía que ese libro... Ela non o quería escribir. O seu editor animábaa e ela dicíalle que non, que quería pechar ese ciclo. Pero escribiuno e o mesmo día da presentación dixéronlle que tiña metástase. Fomos igual ao *Café Moderno* presentalo e ela non contou nada", lembra Begoña.

Detectáranllo por vez primeira sete anos antes, en 1997, e María Victoria intentou con todas as súas forzas que lle cambiase o menos posíbel a vida. Intentou maquillar a realidade como lle gustaba facer, chamándolle ao cancro *pupa cabrona* ou á quimioterapia, o *chute*. José Luís acababa de morrer, Begoña pasaba unha semana ao mes en Salamanca e ela refuxiouse en amizades como a súa compañeira Isa Rodríguez:

"Hoxe quería falar contigo, Isa, porque estou baixa de ánimo e sei que a xenerosidade do teu trato faime moito ben. ¿Que luz extraña

levas dentro, miña querida amiga, que podes acender luces por onde pasas? Cando estou contigo súbeme a autoestima, quedo confortada e síntome a gusto no meu mundo, onde parece que estas cousas que me rodean se pintan da túa cor", escribiulle en *Diario da luz e a sombra*.

Pero sobre todo, refuxiouse na súa paixón polo ensino e no seu alumnado: "Dicía que ir ao instituto e estar con nós, dáballe vida, víñalle ben. E aínda que ás veces parecía un pouco distraída, nunca a vin triste, nin enfadada. Sempre dixo que para ela o primeiro era a familia e despois a súa profesión", lembra Silvia Puga.

Ela sempre lle chamara a ir á clase "ir de festa" e, ata no peor momento, foi quen de sacar unha lección da durísima experiencia, como lembra Ana del Valle: "A miña primeira relación co cancro foi María Victoria. Cando eu era a súa alumna xa estaba coas revisións e na clase falaba do tema cunha naturalidade absoluta. Esa foi a miña primeira aprendizaxe. Tería eu dezaseis ou dezasete anos".

Ao principio non o contou e seguiu como se nada, compaxinando o *Quijote* coa quimio. Pero os muíños de vento eran demasiado pesados e viuse na obriga de coller algunha baixa. Cando se deu conta, tiña a media aula na casa, incluída Lorena Conde: "Estivo dándonos clase durante un tempo e de súpeto faltou e non sabiamos por qué. Ao primeiro non mandaron a ninguén para cubrila, así que un día que non tiñamos clase porque nos tocaba con ela, un grupo presentámonos na súa casa a preguntarlle que lle pasaba. María Victoria abriunos a porta en bata e contounos que lle atoparan un cancro pero que non nos preocupásemos porque a ían tratar e xa estaba".

O tratamento empezou a evidenciarse no seu aspecto. Iso provocoulle certa inquedanza pero venceuna cun pragmatismo moi propio do seu carácter, como reflicte esta lembranza vivida con Merce Sarmiento nun dos paseos cos seus cans:

"Cando a coñecín acababan de diagnosticarlle o primeiro cancro. Non dixo nada pero empezou a aparecer con turbantes que facía

ela mesma. Ata que un día de verán dixo:

-Que estupidez! Estou asfixiada e Alma ten que saír igual á rúa, así que xa está!

Quitou o turbante e desde aquela levaba un chapeu negro sobre o pelo moi curtiño".

O pelo non lle chegara a caer pero con esa anticipación aos problemas que lle inculcaba a Begoña, pediulle que llo cortara moi curtiño. Obedeceuna e quedou sen melena pero ao cabelo, teimudo como ela, nunca lle chegou a afectar o tratamento.

María Victoria foi sometida a unha mastectomía e Lorena Conde, que daquela xa tiña madeira de actriz, apareceulle no hospital con outra alumna para montarlle no cuarto un dúo cómico que ensaiaran nas clases de teatro impartidas por Manuel Lourenzo González:

"A ela gustáballe moito aquela obra. Xa nola mandara facer algunha vez na clase e escarallábase de risa. Así que cando a operaron fixémoslla no hospital. Fomos de visita e de paso montámoslle o numeriño. Ela chamou a enfermeira e foi unha cousa curiosa porque de súpeto o cuarto empezou a encherse de xente".

A operación foi no verán, coincidindo co secuestro de Miguel Ángel Blanco. A súa neta postiza, Sara Estévez, que entón tiña dez anos, lembra ir coa súa nai ao hospital aquel 13 de xullo en que o edil fora asasinado. "Sempre me contou que foi Alma quen llo detectara. Que empezou a arrimárselle contra o peito onde tiña o tumor". Tamén llo dixo aos *Titos*. Que llo atopara e que lle aliviaba as molestias da quimioterapia: "Cando estaba co tratamento doíanlle as costas e Alma subíaselle na cama e púñaselle nesa zona, como dándolle calor. Nós rifabámoslle para que baixase á cadela da cama pero dicía que lle quitaba a dor, que lla levaba Alma e ela sentíase moito mellor. Logo un día poñemos a tele e estaban dicindo que usaban os animais en tratamentos de quimioterapia para mellorar os efectos secundarios. Díxenlle a Tito:

-*Mecachis*, e nós rifándolle a María Victoria por ter a cadela na cama!", lembra Nenuca.

Tamén Mari Carmen Salgado, a ilustradora do primeiro *Leonardo*, viviu con ela aquela primeira sacudida do cancro e os esforzos por deixala atrás: "Acompañeina ata o hospital onde foi operada pero logo non me deixou quedar con ela. Mesmo niso foi coidadosa. Non se queixaba e cooperaba en todo. Mandábanlle que fixese rehabilitación e ela collía a roupa da lavadora, ía ao tendal, coa outra man colocaba a prenda e logo obrigaba ao brazo a subir para pór a pinza. Pasábao mal".

Logo de extirparlle o peito danado sometérona a un tratamento experimental e tivo moi bo resultado. Tanto que o Servizo de Oncoloxía do Hospital Provincial elaborou un documental onde explicaba os avances dos ensaios clínicos, e entre as declaracións do persoal, incluía a dunha paciente: María Victoria Moreno. Impacta escoitar a súa voz dóce explicando que fora a súa condición de mestra á que a empurrara a someterse ao ensaio: "Eu estou poñendo clase e compartindo o que sei con rapaces desde que tiña 22 anos, e non sei... Colaborar a que alguén aprenda algo pareceume que era interesante. Pareceume unha cousa de *profe*, vaia! Eu de Medicina non sei nada pero o oncólogo é un rapaz con cara de estudoso, un rapaz que quere saber, e eu podo servirlle de material didáctico". Non hai frase que poida definir mellor a súa paixón polo ensino.

"E o corpo todo éncheseme de bágoas"

María Victoria Moreno
Anagnórise

CAPÍTULO XXVIII
A ÚLTIMA LECCIÓN DA MESTRA

"A vida é preciosa" dixo María Victoria Moreno naquela presentación iniciada tan só un intre despois de que o médico sentenciase a metástase. Era o 13 de decembro do 2004. Logo engadiu, como se estivese na aula: "E dígovos unha cousa, tomádeo como queirades, pero todos acabaredes morrendo".

Claro que preferiría estar noutro punto do traxecto, claro que non quererría que aquela intuición súa sobre o libro se materializase o mesmo día de facelo público, nunha desas reviravoltas crueis que ten o destino. Mais asumiu a morte cunha mestura de tristeza e enteireza. Cunha serenidade amarga.

"Un día díxome:

-Sabes que penso, Mari Carmen? Que non vai ser tan grave que morra nova. Así non me fago vella.

Eu fun consciente de que se ía e de que non se quería ir. Agora que estaba con Pedro e vendo feliz a Begoña, que era a súa alegría, a súa vida... como ía querer? Mais ela sabía que chegaba o final".

Aínda sacaría folgos para viaxar a Monleón en agosto do 2005, cando o avance da enfermidade a tiña tan cansa. Foi recoller o Premio de Novela Curta *Manuel Díaz Luís*, que gañara con aquel texto indultado por Pedro do caixón dos papeis esquecidos. Intuíu que sería o último acto. "Con este premio a *Alcores de Donalvar* pecho un ciclo vital" dixo, e foi así. Cando saíu ao prelo a súa seguinte obra: *Eu conto, ti cantas*, tres contos de animais escritos en verso, xa estaba ingresada.

Desta non foi como da primeira. O mal bateu duro. Nin sequera tiña folgos para comer. *Os Titos* levábanlle á casa cigaliñas ou unhas luras acabadas de facer, as cousas que máis lle gustaban para tentala. Mari, a súa consogra, preparaba toneladas de lentellas e croquetas que logo conxelaba. "Houbo un momento en que todo lle sabía tan mal que para seguir alimentándose comía as croquetas de Mari sen desconxelar e así non lle tiñan sabor", di a filla.

Os Titos animábana, dicíanlle que ía poñerse ben. Querían crer que era así. Merce Sarmiento tamén. Xa pasara o primeiro, colléranllo a tempo. Como non ía pasar ese? Pero ela argumentáballes a resignación coas novas traídas da consulta do oncólogo.

A Pedro non.

Pedro instalouse na negación mesmo nos vinte días finais que pasou ingresada no hospital e como ela sabía que non sería capaz de despedila, nunca deixou de facer plans:

-Cando saia de aquí, imos ir á *Taberna de Félix* ti e mais eu tomar unhas tapas, e vouche ensinar un sitio que xa verás.

E el confiaba.

"Coñecíame moito mellor do que eu a coñecía a ela".

Na súa cegueira, Pedro insistiulle a Begoña que todo ía ir ben, que nesa mañá atopáraa mellor, mais ela era a que recibía o parte médico e vira a súa nai na casa preparando o legado, rompendo o escrito que non quería sacar das sombras.

"O cancro deunos un tempo de estar xuntas, de vernos, de dicirnos o que nos tiñamos que dicir. Coa morte da miña nai aprendín que tes que dicirlle á xente que a queres. Co meu pai era demasiado nova e aínda que pasei moito tempo con el nunca lle dixen: Papá, canto te quero... Asumín que el sabía que o quería moitísimo. Coa miña nai foi distinto".

Nos días anteriores ao ingreso, ían xuntas sacar a Alma, e os paseos ata o *escalón* de Ulises fixeron que non quedara nada por dicir.

Xa no hospital, Begoña facía quendas con Pedro, mentres Jaime se ocupaba da intendencia como xa fixera cando fora o de José Luís.

O esposo velaba os días e a filla as noites.

Isa ía de visita os venres, á saída do instituto, e ás veces coincidía con Ana que pasaba ao volver de Santiago. E Merce e Concha tamén foron xuntas algunha vez: "canto me alegra de vervos unidas".

Mari Carmen medía os tempos da conversa, porque notaba a fatiga da súa amiga, que aínda así non foi quen de deixar de fumar. "Dáme a *cachimbita*", pregáballe a Pedro, e mentres Nenuca se apoiaba na porta para que non os pillase ninguén, el acendía un cigarro, deixaba que lle dese un par de caladas e logo agochaba a cabicha no balcón. Chegaron a acender velas aromáticas no cuarto para tratar de negar a evidencia ante o persoal do hospital. Mais algunhas das enfermeiras foran alumnas súas e co afecto tapaban o cheiro a fume.

Non hai nada que non logre o afecto.

"El viento se duerme
con la tripa llena
de llanto menudo
y de luz pequeña.
La luna lunita
le cuenta su pena
al búho que pasa
y al cuco que vuela.
La nana nanita
la nanita, ea,
Begoña chiquita
dormida se queda"

María Victoria Moreno
Elexías da luz

CAPÍTULO XXIX
O LEGADO DO BERCE

Pilar Álvarez achegouse ao hospital á ultima hora daquela tarde e viuna tan mal que ficou coa afillada toda a noite. María Victoria levaba dous días sedada pero agardou que chegase o amencer e trouxese a Pedro. Cando partiu, ficaba collido da man de Begoña. Deixárallo escrito no testamento. "Pido ao meu home que siga sendo o pai que ata a data foi para a miña filla". E repartiu o legado do berce.

Era mércores. Mari Carmen Salgado marchara a fin de semana á aldea e antes pasara a despedirse. Unha última vez.

- Non esquezas a Begoña nunca. Fica preto dela.

E de preto fica gardando a promesa.

"Ela era moi familiar e ata nesa época na que estaba tan maliña, vina feliz coa súa filla. Moi contenta da vida que levaba con Jaime. Dicíame que Begoña era a luz do seu solpor".

Tamén chamara a Mari Fernández para desta poñerse seria coa consogra:

-Mari, ingresáronme no Hospital, fai favor e ven verme.

-Queres que vaia agora?

-Canto antes, anda, que logo pode ser tarde.

"Fun rapidamente e díxome que sabía que a filla quedaba en boas mans porque non tiña dúbidas de que eu a quería moitísimo. Que non facía falla que ma deixara ao cargo, porque tiña claro que lle quedaba unha nai aquí. E así é. E a Jaime unha sogra. E á neta que non coñeceu, unha avoa".

Victoria Llácer Moreno chegou cando ela xa non estaba, prendida nos afectos da súa nai como a súa nai prendera nos de María Victoria. E a madriña de Begoña ri da xenética e xura que ten a mesma voz dóce e o falar a eito pero pausado que tiña a súa avoa.

Pedro acompaña a nai e filla ao colexio e con alma de galán cóllelle a mochila á neta. O aceno descárgalle o peso da súa propia. Da que lle deixou a ausencia. Nin nos longos traxectos no barco sentira tal soidade. "Foi demasiado duro para min. A miña paixón é escribir e logo de morrer María Victoria estiven tres anos sen poder sequera sentarme no escritorio. Ela morreu en novembro e a primeira vez que entrei no despacho foi ao ano seguinte para escribirlle unha carta. A partir de aí o que me deu forza foi manter o seu legado para a súa filla. Os orixinais das fotos que tiña na casa deillos a Begoña pero clasifiquei por anos e coloquei en albumes todos os recortes de prensa e documentos que gardaba nos caixóns. Preparei seis tomos coa súa historia literaria, desde a primeira entrevista que lle fixeron con *Mar adiante* ata hoxe".

Cando ela xa non estaba, publicáronse tres libros seus, grazas ao coidado que lle puxeron ao legado Pedro e Begoña e ao traballo doutro afecto imprescindíbel no haber de María Victoria: o de Xavier Senín. Súa é a conversión do castelán *Alcores de Donalvar* no galego *Onde o aire non era brisa*, e tamén as escolmas *Elexías de Luz* e *O amor e as palabras*. A primeira con poemas e a segunda con relatos espallados en distintas publicacións e mesmo algúns inéditos que deixara de herdanza no seu ordenador antes da despedida.

Sabía que un *Gigantón* lle gardaba o legado.

"-A min dáme a impresión de que escribes para saír da soidade.

-Da soidade?

-Si, polo menos desa soidade que se sente tamén cando se anda entre a xente"

María Victoria Moreno
Anagnórise

CAPÍTULO XXX
TESTAMENTO VITAL

Di Rafa Moreno que o *leitmotiv* da vida de María Victoria foi a procura do afecto. Que viviu sempre desexando que a quixesen. Que o que a facía máis feliz era, claramente, que lle amosasen agarimo. E a xente que a coñeceu ao longo da súa vida asente.

Quizais ficou marcada pola soidade provocada pola prematura morte do seu pai, Vicente Moreno, cando ela só tiña dez anos. Ou polos anos de internado. Ou polo carácter serio dunha nai pouco dada ao agarimo. Quizais por iso pedíalle á súa amiga e ilustradora Mari Carmen que lle contase da súa nai, Mercedes, tan cariñosa, o que ela quixera poder contar da súa. E por iso entregábase aos demais con esa xenerosidade extrema. Porque no seu carácter non estaba pedir nada que ela mesma non dese. Mentres se deixaba querer, quería.

Se Rafa ten razón, se esa era a súa procura na vida, pode ficar moi orgullosa da súa vitoria, porque doce anos despois da súa despedida a súa xente aínda a chora. Non só Pedro, non só Begoña. Desde que marchou, Mari reboza as croquetas con bágoas porque

non pode facelas sen saloucar ao lembrar que llas facía á consogra. E o mesmo coas lentellas.

E Merce, e Ana del Valle, e Lorena Ferreño tamén choran cando a contan.

Igual non ten nada que ver pero Lorena Ferreño é xornalista, e como Silvia, Ana tamén dá clases, no seu caso de Dereito. Lorena Conde brilla nos escenarios e no ano das Letras Galegas dedicado a María Victoria fai coa súa compañía, *Matrioska,* unha obra na súa honra: *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*. Ademais dedicoulle o poemario *Entullo* co que gañou a XVIII edición do premio *González Garcés* da Deputación de Coruña.

As elixidas elixiron letras e o legado de María Victoria fica vizoso.

Sen estar, segue sementando inquedanzas pola literatura no alumnado pois legoulle ao *Torrente Ballester* os miles de exemplares que compuñan a súa propia biblioteca, e agora a do instituto leva o seu nome.

Xa non está pero seguiu creando. En cada gravado que Mari Carmen realiza co pulo que lle deu, mentres vai facendo crecer a colección de Sargadelos que lle empezou ela.

Merce conserva aquela cazadora vaqueira que a súa xenerosidade lle regalou cando a quimioterapia lle levou a talla. A Merce leváronlla tamén os anos pero séguea a poñer desabrochada. Total, fáltalle un botón que non lle quere cambiar porque xa non sería seu. A Mari deixoulle o chal pero non o pon. Usábao ela e teme estragalo. Pero recorta cada cousa que lle publican no xornal, por se algo non prende nos albumes de Pedro.

Hai cousas que Begoña aínda non é quen de ler.

O *Gigantón* mantén a custodia sobre o exemplar de *O Principiño* que lle regalou a María Victoria sabendo que era xunto ao *Quijote*, a súa obra favorita. Ás veces releeo parando nos subliñados pero

sabe que non é seu. Quere legarllo a Victoria. (Pode haber mellor herdanza?).

No salón de María Victoria soa Alberto Cortez. "Encantábanlle as súas cancións, sobre todo *Callejero*".

Alma apenas sobreviviu á súa dona uns meses. Cando ela marchou deixou de comer, deixou de beber, deixouse morrer. Seguía a Pedro en cada paso por se a levaba con ela e como non a procurou marchou.

Pedro recoñece a pegada de María Victoria en *Los zapatitos rosa* de José Martí e fáiselle un nó na gorxa. Aínda así, chama cada sábado por teléfono á súa nai como ela lle dixo que fixese desde a despedida en Cuba. E para escoitar a voz pola que devece, pon de cando en vez aquel documental do hospital.

Pilar Álvarez segue a contala en presente, e sentenza: "E que eu quero moito a María Victoria. Aínda a sigo a querer moitísimo".

A Sara gustaríalle tela preto agora que xa é adulta.

Os Titos teñen o escaparate e os andeis da libraría cheos dela. E a memoria. Non lle quedan páxinas para apuntes en axendas repletas de actos de lembranza, agora en voz alta e sempre en galego, como Tito lle prometera que faría se lle dedicaban as Letras Galegas.

Isa celebra a memoria das risas, e fai o seu propio roteiro de María Victoria con cada cafetaría onde compartiron ironía. Cos pés no chan, coa cabeza nela. "Era unha muller coa súa parte de ceo e a súa parte de terra, e ambas cousas tíñanlle a mesma importancia".

A andaina remata na ponte do seu barrio. Canto lle gustaría saber que ten gravada a frase que lle fixo dicir a Xulia Andrade: "As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos". Como fixo ela.

"Chórase moito nestes casos, sobre todo se che vén a teima de contar o que pasa á persoa que está morta"

María Victoria Moreno
Leonardo e os fontaneiros

EPÍLOGO

Desde que Luís Bará me pediu realizar este traballo ao abeiro do programa *A memoria das mulleres* da concellaría de Patrimonio e Memoria Histórica do Concello de Pontevedra fun como Nicolau, o protagonista de *Anagnórise*, dun medo a outro medo caneando pola incerteza. Que podía achegar eu á biografía dunha muller cunha traxectoria literaria tan ampla como para que lle fose dedicado o Día das Letras Galegas? Nada que non saíse na *Wikipedia*, e a nós o que nos interesaba era pescudar na muller que estaba detrás da escritora, nesa faceta humana que nela era tan grande. Así que como fixo Uxía cos ratos en *A festa do faiado*, pedín axuda a quen podía prestarma: a súa xente. E foron as súas lembranzas ás que a contaron.

Agardo ter sido quen de lograr que na andaina por estas páxinas escoitedes as risas de Isa e Mari, contando como se comparaba con Ben-Hur ou como porfiaba con Recuna pola ditosa figuriña do Belén. Que notasedes a admiración das Lorenas ou de Silvia, lembrando esa mestra que aínda que non era teimosa coas datas foi quen de transmitir tanta paixón polo *Quijote*, que moitos anos despois, Ana del Valle viuse na obriga de romper a timidez para proclamar na clase de Dereito Civil en que ano se publicara cada parte.

Ela non era unha profesora máis. Era unha persoa que decidiu dedicar a súa vida a transmitir aos demais o moito que sabía. Que, como dicían os clásicos, ensinaba deleitando. Tiña tanta verdade

o que contaba que mesmo as criaturas quedaban engaioladas por historias a priori tan pouco infantís como a de Ulises. Porque ela dáballe ás súas mentes a mesma confianza cás intelixencias adultas, e a súa voz e a súas mans obraban a maxia.

Pareceunos tan fermosa esa historia que contou Sara sobre o escalón de Ulises que rexeitamos todos os títulos antes barallados para quedar coa imaxe literaria da mestra que convertía cada escenario do día a día nunha aula na que transmitir a súa paixón, non só polos libros senón tamén pola vida. Porque nos parecía que nese escalón do seu barrio reside a verdadeira María Victoria. A que ía máis alá *da señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*, como ela se definía, para deixar entrever á mestra intelixente, culta e próxima que eran quen de converter Campolongo en Ítaca. E como fixo o heroe con Menelao e Agamenón, tecer amizades co veterinario de Alma e Nico ou coa carniceira do súper, que chorou a primeira vez que Pedro foi mercar sen ela.

Oxalá que ao pasar dese *escalón* de Ulises que pousamos na portada, descubrirades a muller solidaria e xenerosa que nos transmitiron todas e cada unha das persoas que falaron dela. E, sobre todo, oxalá captarades todo o amor que deixou e que fica inalterábel nesta Pontevedra que, desde este o seu ano, terá unha rúa co seu nome moi pretiño desa ponte onde fica a súa ensinanza, tan fermosa.

Para intentar que este libro ulise a *Eau de Rochas,* nestas últimas semanas foi preciso non só mergullarse nos libros de María Victoria senón tamén en cada publicación que falaba dela: a de Eli Rios para a colección *Mulleres Bravas* de *Urco editora*, (selo que tamén naceu da arte dun dos seus alumnos, Tomás González Ahola), a de Joanna Lorenzo para *Mulleres Galegas*; *A muller que durmía pouco e soñaba moito*, de Fina Casalderrey e Marilar Alexander editada por *Xerais*; *Sementadora de futuro*, que na mesma editorial publicaron Isabel Soto e Xavier Senín, ou *A voz insurrecta*, que escribiu Montse Pena e publicou *Galaxia*. Ademais puidemos ler nos albumes de Pedro algunhas das entrevistas que lle fixeron e utilizamos neste texto un fragmento dunha moi fermosa que a xornalista María Varela

realizou para *Diario de Pontevedra* con motivo da presentación de *Diario da luz e a sombra*. Grazas ao traballo de Ramón Rozas puidemos utilizar moitas instantáneas dese xornal no álbum final do libro, repleto tamén de fotos familiares. Por iso queremos reiterarlles tanto a el como a María as nosas máis sinceras grazas.

Tamén foron de grande axuda na elaboración de *O escalón de Ulises*, dous documentais: o realizado por Charina Giráldez para o CHOP sobre o tratamento experimental contra o cancro, e o que Gaspar Broullón, outro alumno brillante de María Victoria, realizou sobre a súa faceta humana, eixe deste traballo, para o Instituto *Torrente Ballester*.

Luz e Isma, de *Ovo Publicidade*, compas meus en tantos proxectos, tamén fixeron un documental sobre ela e aínda que ao peche desta publicación non vira a luz, fóronme dando pistas para cumprir a encarga e por iso quero estender a ambos as grazas. Tamén a Chelo do Rejo e Anabel Gago, compañeiras de Lorena Conde en *Matrioska*, polas confidencias compartidas. Hai unha imaxe que Chelo do Rejo transmitiu nese encontro, que quero plasmar neste epílogo por ser tan de Ítaca: Como sendo nena María Victoria non se atrevía a andar, a súa tata collía un nobelo de lá e dáballe o extremo para que ao suxeitarse se sentise segura. "Este ano todas nós -dicía Chelo- ficamos unidas por esas febras que foi soltando María Victoria na vida". E así é. Nós e todas e cada unha das persoas que quixeron a María Victoria ficamos unidas por ese modo seu de tecer redes cando vivía. Só hai que ver a Begoña con Pedro, ou con Mari, ou con Isa...

Coñecer a quen a quixo di moito de María Victoria, da nobreza dos seus afectos. A posibilidade de facelo tornou en privilexio a encomenda, e por iso agradezo enormemente a confianza que supón a encarga.

Só agardo que estas páxinas sirvan como homenaxe ao seu legado.

Non poderían ter sido sen os testemuños de Lorena Ferreño, Lorena Conde, Ana del Valle e Silvia Puga, que tiveron a sorte de

ter a María Victoria Moreno como mestra, no *Torrente Ballester* e na vida. Ver como choran as súas alumnas doce anos despois de que marchase, vinte desde que lles deu clase, é outra proba de que non pasou polo mundo sen deixar pegada.

Sen Carlos Godoy, que compartiu con ela humor e claustro, e Luís Bará, que axudou na lembranza coas súas vivencias no instituto e na concellaría de Cultura.

Sen Rafa Moreno Márquez, que compartiu recordos da infancia e a esencia da procura.

Sen Merce, Concha e Sara, que forxaron en torno ao amor común polos animais, unha relación entrañábel.

Sen Mari, Mari Carmen, Isa, Nenuca e Tito, que formaron o círculo de amizades máis prezadas.

Sen Pilar Álvarez, a súa *Pili Pilón*, cuxo relato foi imprescindíbel para coñecer mellor tanto á mestra como a muller, tanto a súa paixón polos libros como a súa devoción por Begoña.

Moitísimas grazas. Sen vós nada tería sentido.

E por suposto sería imposíbel sen Pedro Ferriol e Begoña Llácer, que xa forman parte do meu propio mapa dos afectos. Estareivos eternamente agradecida pola paciencia e a colaboración infinita. Pedro mesmo volveu sentar no escritorio para escribir o primeiro banzo deste *escalón de Ulises*!

Grazas tamén a Rosa de Cabanas polo seu precioso deseño e a Manuel Uhía, por facer realidade esas imaxes estrañas que eu tiña imaxinado (e sen chamarme tola).

Por último, grazas a todas as persoas que conforman as miñas propias lembranzas.

Fican novas débedas.



María Victoria co seu pai, Vicente Moreno
Arquivo particular

María Victoria durante a súa época de estudante
Arquivo particular

Familia Moreno Márquez
Arquivo particular

Begoña e José Luís
Arquivo particular

Carlos e Begoña o día da súa comuñón, que serviu como presentación
Arquivo particular

María Victoria, Begoña e José Luís
Arquivo particular

María Victoria pintaba bolboretas nos vestidos de Begoña
Arquivo particular

María Victoria no aniversario de Begoña
Arquivo particular

María Victoria con Alma
Arquivo particular

Sara co seu can Blas Nicolás
Arquivo particular

No escritorio de María Victoria, un cartel de apoio aos animais
Arquivo particular

Sara e unha curmá con Alma na cama de María Victoria
Arquivo particular

Alonso Montero falando na presentación de *Leonardo e os fontaneiros*
Arquivo particular

María Victoria Moreno
Arquivo particular

María Victoria con Recuna e Sara
Arquivo particular

María Victoria no Salón do Libro de 1999
Diario de Pontevedra / Gonzalo García

María Victoria coa familia de Mari Carmen Salgado
Arquivo particular

María Victoria e Mari Carmen nunha visita á aldea
Arquivo particular

María Victoria e Silvia Puga na presentación de *Guedellas* en xaneiro de 2000/ Diario de Pontevedra/ Rafa Fariña

María Victoria mándalle un bico a Begoña desde Cuba

María Victoria, en Cuba, no Moskvitch que non lle deixaron conducir
Arquivo particular

María Victoria participou nos *Comités de defensa da Revolución*
Arquivo particular

María Victoria e Pedro, o día da voda en Cuba
Arquivo particular

Recuna oficiou a ceremonia relixiosa en Campolongo
Arquivo particular

Pedro e María Victoria con Isa
Arquivo particular

Begoña, Pedro e María Victoria
Arquivo particular

María Victoria
e Pedro co ilustrador
Manuel Uhía
Arquivo particular

Recuna
bendecindo a
Alma
Diario de Pontevedra /
Gonzalo Salgado

María Victoria foi pregoeira na festa
do libro
Diario de Pontevedra / Xan Xiadas

María Victoria lendo no Salón do
libro
Diario de Pontevedra / Gonzalo García

O día da presentación de *Diario da luz e a sombra*, cando lle detectaron metástase
Diario de Pontevedra / Manuel Fernández Valdés

Os libros donados por María Victoria ao Torrente Ballester
Arquivo particular

Homenaxe a María Victoria no *Torrente Ballester*
Diario de Pontevedra / Rafa Fariña

Alumnado participante na inauguración da reformada avenida de Vigo
Diario de Pontevedra / Rafa Fariña

Un dos escaparates que a *Libraría Seijas* dedicou a María Victoria
Arquivo particular

A placa na rúa onde vivía María Victoria
Arquivo particular

Este libro rematouse de
imprimir o 1 de maio de
2018, no día do aniversario
de María Victoria Moreno

O escalón de Ulises é unha publicación que edita a concellaría de Patrimonio e Memoria Histórica de Pontevedra dentro do programa *A memoria das mulleres*, que ten como obxectivo construír o relato da historia da cidade en feminino. Na procura de rachar co silencio que historicamente relegou a muller na sociedade, o programa aborda tres liñas de investigación: as traballadoras das clases populares, as pontevedresas represaliadas e resistentes, e o papel de pioneiras como María Victoria Moreno. Coa súa paixón polo ensino e a lingua, *a mestra que escribía libros* deixou pegada sobre varias xeracións dunha cidade que, desde o 2018, a honra cunha rúa co seu nome, outra forma de facer visíbel que en Pontevedra brilla a luz da memoria das mulleres.

"O recordo que se gardou con máis cariño estaba alén do quiosco, nun banzo no que as criaturas sentaban arredor de María Victoria para que cada día lles fose contando un novo anaquiño da historia de Ulises.

Nada a pode definir mellor. Era unha mestra á que lle gustaba tanto ensinar, sobre todo literatura, que ata o facía no tempo do lecer, e que tiña unha capacidade de comunicación tan máxica que era quen de engaiolar a criaturas de apenas dez anos coas aventuras do heroe grego"

CONCELLO DE PONTEVEDRA

a memoria das mulleres

ANO MARÍA VICTORIA MORENO

PONTEVEDRA 2018